

**REGULAMENTO DE
COMPETICIÓNS
DE ESCALADA
DA FGM
ANO 2025**

**Aprobado en Comisión Delegada
Do 22 de xaneiro de 2025**



ÍNDICE

0. GLOSARIO

1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

2. ORGANIZACIÓN

2.1. Persoal FGM

2.1.1. Dirección da proba.

2.1.2. Presidencia do Xurado.

2.1.2. Árbitraxe.

2.1.3. Asistencia Informática

2.1.4. Equipador ou Equipadora Delegado

2.1.5. Axudantes de Equipación

2.1.6. Axudantes para as funcións de arbitraxe

2.1.7. Delegación da FGM

2.2. Persoal de Organización

3. CATEGORIAS

3.1. Categorías

3.2. Participación

3.2.1. Copa Galega

3.2.2. Campionato Galego

4. PROBAS DE COMPETICIÓN

5. COMPETICIÓN AUTONÓMICAS. TIPOS

5.1. Copa Galega de escalada de Dificultade

5.1.1. Funcionamento



5.1.2. Participación

5.1.3. Sistema de Puntuación

5.2. Copa Galega de escalada en Bloque.

5.2.1. Funcionamento

5.2.2. Participación

5.2.3. Sistema de Puntuación

5.3. Campionato Galego de Escalada de Dificultade.

5.3.1. Funcionamento

5.3.2. Participación

5.3.3. Sistema de Puntuación

5.4. Campionato Galego de Escalada en Bloque.

5.4.1. Funcionamento

5.4.2. Participación

5.4.3. Sistema de Puntuación

5.5. Copa Galega de Escalada en Idade Escolar.

5.5.1 Introducción e obxetivos

5.5.2 Funcionamento

5.5.3 Participación

5.5.4 Sistema de puntuación

5.6. Campionato Galego de Escalada de Velocidade.

5.6.1. Funcionamento

5.6.2. Participación

5.6.3. Sistema de Puntuación



5.7. Outras Competicións de ámbito autonómico.

6. PROBA DE DIFICULTADE

6.1. Formato de Dificultade “Á VISTA”

6.1.1. O muro de escalada

6.1.2. Seguridade

6.1.3. Aseguradores/as e aseguramiento

6.1.4. Inscricións para a competición

6.1.5. Reunión técnica

6.1.6. Orde de saída

6.1.7. Zona de inscricións e illamento

6.1.8. Zona de competición

6.1.9. Período de observación

6.1.10. Zona de tránsito e preparación previa antes da escalada

6.1.11. Tempo para realizar a vía

6.1.12. Procedemento de escalada

6.1.13. Finalización dunha escalada

6.1.14. Puntuación

6.1.15. Uso do equipo de vídeo

6.1.16. Mantemento do muro

6.1.17. Incidentes técnicos

6.1.18. Orde de saída dos escaladores en roldas de clasificación

6.1.19. Clasificación e cotas para cada rolda

6.1.20. Clasificacións despois dunha rolda (Clasificación ou Final) Rolda Final

6.2. Formato de Dificultade AO FLASH

6.2.1.0 regulamento que se aplica neste formato será o mesmo que o de



Dificultade “á Vista” (punto 6.1.)

6.2.2. Período de observación e zona de illamento

6.2.3. Preparación previa á escalada

7. PROBA DE ESCALADA EN BLOQUE

7.1. Formato de Rotación “á Vista”

7.1.1. As zonas de escalada

7.1.2. Seguridade

7.1.3. Preinscrición para a competición

7.1.4. Reunión técnica

7.1.5. Orde de saída

7.1.6. Zona de inscrición e illamento

7.1.7. Zona de tránsito e preparación previa á escalada

7.1.8. Período de observación

7.1.9. Procedemento de escalada

7.1.10. Sistema de puntuación

7.1.11. Mantemento das zonas

7.1.12. Incidentes técnicos

7.1.13. Clasificación e cotas para cada rolda Superfinal

7.2. Formato de Grupos (ou “Redpoint”)

7.2.1. Regulamento idéntico ao de bloque “Rotación á Vista” (7.1) con cambios

7.2.2. Zona de tránsito e preparación previa á escalada

7.2.3. Período de observación

7.2.4. Procedemento de escalada



7.2.5. Mantemento das zonas

8.2.6. Incidentes técnicos

7.2.7. Clasificación e cotas para cada rolda

8. COPA GALEGA DE ESCALADA EN IDADE ESCOLAR

8.1. Introducción e obxectivos

8.2. Participantes

8.3 Desenvolvemento da proba

8.4. Puntuación

9. PROBA DE VELOCIDADE

9.1. O muro de escalada

9.2. Seguridade

9.3. Requisitos xerais

9.4. Aseguradores/as e aseguramento

9.5. Inscripción para a competición

9.6. Reunión técnica

9.7. Orde de inicio da competición

9.8. Zona de inscrición e illamento

9.9. Período de observación

9.10. Zona de tránsito e preparación previa á escalada

9.11. Zona de competición

9.12. Procedemento de escalada

9.13. Sistema de puntuación ou clasificación

9.14. Mantemento do muro



9.15. Incidentes técnicos

9.16. Clasificación e cotas para cada rolda

10. DOPAXE

11. REGULAMENTO DISCIPLINARIO E CONDUCTA DEPORTIVA

11.1. Introducción

11.2. Os competidores/as

11.3. Equipo oficial

11. RECLAMACIÓN E SISTEMA DE APELACIÓN

11.1. Xeneralidades e taxas de reclamación

11.2. Xurado de Apelación

11.3. Reclamación contra unha decisión oficial **durante** unha rolda de competición

11.4. Reclamacións contra unha decisión oficial **despois** dunha rolda de competición

11.5. Reclamacións ao Comité Disciplinario

11.6. Taxas de reclamación

12. ANEXOS

12.1. Elaboración do Regulamento

12.2. Modelos de reclamacións



REGULAMENTO OFICIAL DE COMPETICIÓNS DE ESCALADA

DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO (FGM)

0. GLOSARIO

Axuda ilegal

Consiste en controlar ou usar:

Coas mans, calqueira burato das arañas ou roscas dos tornillos colocados na superficie de escalada ou volumes.

Coas mans e pés, calqueira parte da superficie de escalada fora dos límites da ruta ou bloque, as cintas de protección ou parabolts, a corda, os límites ou bordes da superficie de escalada laterais ou superiores, os carteis e os seu sistemas de ancoraxe de estos.

Chapaxe en Z

Porducese cando a corda do escalador esta pasada por dous puntos de protección en secuencia inversa.

Incidente técnico

Consiste en calquer evento ou circunstancia do que se derive una ventaxa uo desvantaxa inxusta para un escalador e que non se pode atribuir a una acción do deportista.

Posición lexítima

Consiste, a efectos das probas de escalada de dificultade, que un deportista no curso da súa actividade de escalada:

Non ten usado una axuda ilegal,

Chapou todos os puntos de protección precedentes en secuencia,

Cando o seguinte punto de protección aínda non esta chapado, o deportista non tenha superado ou abandonado o punto de seguridade marcado na ruta.

Cando ten abandonado coas dúas mans a última presa dende a que se pode chapar a última protección.



Presas controlada

Aos efectos de arbitraje e puntuar, consiste en que o deportista ten usado una presa, volumen ou obxecto para conseguir una posición estable do seu corpo. Os termos controlar ou controlado serán usados e interpretados neste contexto.

Presas usada

Aos efectos de arbitraje e puntuar, consiste en que o deportista ten usado una presa, volumen ou obxecto para:

Realizar un movemento progresivo do seu centro de masa ou caderas, e un movemento dunha ou dúas mans cara: a seguinte presa secuencial da liña de progresión, ou cara outra presa máis adiantada na liña de progresión e que foi controlada con éxito por outro deportista desde esa mesma presa.

Os termos usar, usado, usos e usando serán interpretados neste contexto.

1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

As competicións de **Escalada Deportiva** teñen como obxectivos:

- Reunir na proba os mellores competidores/as federados galegos.
- Promover a escalada deportiva entre a mocidade da CCAA.
- Mellorar o nivel deportivo dos competidores/as e axudar á evolución da escalada deportiva de competición.
- Servir de referencia para a selección dos mellores competidores/as ou competidoras que representarán á FGM en competicións oficiais nacionais e internacionais.

2. ORGANIZACIÓN

A **Dirección Técnica e a Vogalía de Escalada**, integradas na estrutura da **FGM**, son os responsables de organizar todos aqueles aspectos relacionados coa escalada deportiva de competición a nivel galego.

A **Vogalía de Escalada** ten autoridade técnica con respecto a todas as competicións de escalada deportiva a nivel galego, organizadas ou outorgadas pola **FGM**.



A **Dirección Técnica e a Vogalía e Escalada** son os responsables de recibir e dar resposta ás solicitudes dos clubs, e outras institucións para organizar algunha competición de escalada cuxo ámbito sexa o da Comunidade autónoma Galega.

Todas as competicións autonómicas galegas de escalada organizaranse segundo a aplicación do presente **Regulamento de Competicións de Escalada da FGM**.

2.1. Persoal FGM: Director/a da Proba, Árbitros/as, Equipadores/as e Delegados/as

A **Dirección Técnica e a Vogalía de Escalada da FGM** nomearán ás seguintes persoas para controlar calquera competición:

2.1.1. Directora ou Director da Proba é a máxima autoridade da competición. Cordinará o traballo do equipador/a delegado/a e do presidente/a do xurado e asinará o informe detallado da competición. Debe ter licenza federativa da FGM ou FEDME do ano en curso.

2.1.2. Presidenta ou Presidente do Xurado representa a máxima autoridade arbitral durante a competición, o Presidente/a do Xurado preside e dirixe aos árbitros/as designados para arbitrar unha determinada competición. Debe asinar as follas de resultados elaboradas polos árbitros/as e presentar ao director/a da proba un informe dos resultados da proba, das reclamacions e incidencias acontecidas. O Presidente/a do Xurado debe estar en posesión da titulación expedida pola **FGM como árbitra/o autonómica/o ou FEDME como Árbitra/o Nacional de Escalada Deportiva**, e debe ter a licenza federativa da **FGM ou FEDME** do ano en curso.

2.1.2. As Árbitras ou Arbitros de Vía deberán estar en posesión da titulación expedida pola **FGM como árbitra/o autonómica/o ou FEDME como Árbitra/o Nacional de Escalada Deportiva**. A súa función principal será a de facer cumprir o presente regulamento durante a competición, baixo a supervisión da Presidenta ou Presidente do Xurado. Así mesmo, deberán ter a licenza federativa da **FGM ou FEDME** do ano en curso.

2.1.3. Asistente Informático (opcional) fará os seus cometidos baixo a dirección e supervisión da presidenta/e do xurado, será o encargada/o de confeccionar as listaxes dos competidores/as, dar o número de dorsal correcto, establecer o sorteo de competidores/as coa Presidenta ou Presidente do Xurado da proba e elaborar as clasificacións da proba.

2.1.4. A Equipadora Delegada ou Equipador Delegado deberá estar en posesión da titulación expedida pola **FGM ou FEDME, ou internacional recoñecido pola IFSC**, e debe ter a licenza federativa da **FGM, FEDME o do seu país** do ano en curso.

É o responsable de atender e verificar os requisitos técnicos e de seguridade de cada vía de competición, en coordinación coa Directora ou Director da Proba. Tamén aconsellará a Presidenta ou Presidente do Xurado en todos os aspectos técnicos dentro da área de competición. A Equipadora Delegada ou Equipador Delegado debe presentar un informe sobre a competición á Directora ou Director da proba.

A Equipadora ou Equipador Delegado debe:



- Executar a planificación das vías requiridas para cada rolda de competición e asegurarse de que estas reúnen os estándares de nivel axeitados, e están en concordancia cos estándares técnicos do presente regulamento.
- Coordinar o traballo dos instaladores de vías e asegurarse de que estes observan as medidas de seguridade necesarias.
- Supervisar as reparacións e limpeza das vías segundo instrucións das árbitras ou árbitros.
- Aconsellar ás árbitras, árbitros ou ao persoal encargado da medición sobre os esbozos da vía.
- Supervisar e controlar o mantemento da zona de quecemento.
- Aconsellar ás árbitras ou árbitros sobre a posición das cámaras de vídeo.
- Informar ás árbitras ou árbitros sobre a capacidade das aseguradoras ou aseguradores.
- Aconsellar ás árbitras ou árbitros sobre o tempo máximo necesario para cada vía.

2.1.5. Equipadora ou Equipador de Competición, que preferentemente estará en posesión da titulación expedida pola **FGM** ou **FEDME** e debe ter a licenza federativa da FGM ou FEDME do ano en curso. É o auxiliar do equipador delegado e axudará a éste a desenvolver os seus cometidos durante a durante a competición e tamén nos traballos de equipamento das vías de competición.

2.1.6. Axudanta ou Axudante de árbitro de vía (opcional) que deberá ter licenza da FGM ou FEDME do ano en curso en vigor, e realizará as funcións que faciliten o traballo do árbitro de vía a requirimento de este e seguindo as súas instrucións, como portear aos escaladores, controlar o sistema de gravación, facer limpeza das presas ou cronometrar.

2.1.7. A Delegada ou Delegado da FGM (opcional) debe estar presente en todas as reunións e sesións de competición e presentar un informe detallado á Dirección Técnica da **FGM**.

2.2. Persoal de Organización

No caso de que a proba sexa co-organizada pola FGM e outra entidade ou club de montaña.

A entidade ou club co-organizador deberá cubrir as seguintes funcións, a través dunha **cordinadora** ou **coordinador de Competición** asignado para estar presente en todas as reunións e sesións de competición, dirixilas e presentar os seus servizos á dirección proba, árbitraxe, equipadores/as e delegación da FGM (sempre que non existan modificacións explícitas no convenio asinado entre esta e a FGM):

- Organización pre-competición: administración, supervisión da subministración, construción do muro de escalada e equipamentos asociados, e equipamentos da zona de competición.
- Recibir e rexistrar a todo o persoal acreditado durante a competición (competidores/as, técnicos de FGM, prensa etc).
- Rexistrar e controlar o acceso á zona de illamento acatando as indicacións formuladas polos árbitros.



- Velar pola seguridade en todo o recinto da competición.
- Acompañar e asistir aos competidores/as que deixan a zona de illamento e que se dirixen á zona de tránsito e posteriormente á zona de competición.
- Equipar e manter o muro baixo as consignas do equipador delegado.
- Ofrecer aos árbitros electricidade e espazo apropiado para realizar o seu cometido.
- Ofrecer servizos para a prensa e medios de comunicación.
- Ofrecer servizos médicos e outros equipamentos pactados.
- Organizar as cerimonia de apertura e clausura.
- Ofrecer aos árbitros o material necesario.

Coidará todos os aspectos ambientais e manterá todas as zonas da competición como zonas de non fumadores.

Todos os membros do staff federativo (árbitros, técnicos, etc.) que participen en actividades e competicións na que participen menores e teñan relación directa con éstos durante o desenvolvemento da mesma, teñen que entregar á federación un certificado de delitos de natureza sexual.

3. CATEGORÍAS E PARTICIPACIÓN

3.1 FGM establece as seguintes categorías nas que os participantes estarán divididos as competidoras/es para as probas oficiais.

En cada convocatoria, dependendo da modalidade da proba, estableceranse as categorías que participan.

Pre-benxamín. Sub-9. Deportistas que non teñan cumpridos 9 anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano no que se celebra a proba.

Benxamín. Sub - 11. Deportistas que non teñan cumpridos 11 anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano no que se celebra a proba.

Alevín. Sub - 13. Deportistas que non teñan cumpridos 13 anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano no que se celebra a proba.

Infantil. Sub - 15. Deportistas que non teñan cumpridos 15 anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano no que se celebra a proba.

Cadete. Sub - 17. Deportistas que non teñan cumpridos 17 anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano no que se celebra a proba.

Xuvenil Sub - 19. Deportistas que non teñan cumpridos 19 anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano no que se celebra a proba.



Absoluta. Deportistas que teñan cumpridos 18 anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano no que se celebra a proba.

Master 40. Deportistas que teñan cumpridos 40 anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano no que se celebra a proba.

Paraescalada.

Esta categoría ten finalidade de inclusión no eido deportivo de competición aos deportistas que teñen diferentes discapacidades. É de resaltar a importancia de promover a integración desta categoría de deportistas e de divulgar os valores propios de compañerismo e colaboración que han de rixir os deportes de montaña.

As/os participantes estarán divididos nos grupos resultantes da organización do deporte paralímpico recoñecidos polo COI e as diferentes Federacións internacionais. Distinguindo discapacidade visual, amputados e limitación de movemento forza e estabilidade.

A discapacidade intelectual, podera ser incluída na proba baixo esta categoría, decidindo a dirección da proba e o presidente do xurado a forma de participación, velando pola seguridade do competidor e do resto de participantes.

Todas as probas descritas no seguinte apartado (apartado 5) establécense de forma individual.

As/os participantes menores de 18 anos han de presentar unha autorización paterna ou dun titor que se dará de forma adxunta á folla de inscrición.

Todas/os os participantes menores de idade (menores de 18 anos) han de levar obrigatoriamente o casco de seguridade nas probas de dificultade. Recoméndase o uso do casco a todos os competidores/as maiores de idade.

As categorías terán un mínimo de catro participantes por categoría, sempre en convocatoria feminina e masculina. En caso de non chegar a este mínimo, a Dirección da Proba acordará a forma de proceder.

3.2 PARTICIPACIÓN

3.2.1 COPA GALEGA

Para participar na Copa Galega de Escalada, todas/os as participantes, galegas/os ou non, estarán en posesión da licenza da FGM ou FEDME do ano en curso, incluíndo seguro deportivo que cubra a participación na competición segundo o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño. Estará expedida con anterioridade ao comezo da competición.

Para participar na Copa Galega de escalada, as/os participantes non españois estarán en posesión da licenza FGM ou FEDME do ano en curso, ou no seu caso a do seu país, e deberán acreditar ter contratado un seguro de responsabilidade civil e un de accidentes que teña cobertura no territorio español e que sexa equivalente ao que rexe en España (Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño). Estará expedida con anterioridade ao comezo da competición.



Todas as probas disputaranse individualmente. As/os participantes con idade inferior a 18 anos deberán presentar unha autorización paterna (a organización incluírá na folia de inscrición un modelo de autorización).

Na Copa Galega de Escalada as/os participantes estarán divididos nas categorías indicadas no apartado 3. A organización da Copa establecerá na primeira convocatoria da mesma as categorías convocadas para todas as probas da Copa.

O número mínimo de participantes por categoría será de catro. No caso de non acadar este número a Dirección da proba acordará o que teña por conveniente. Esta decisión comunicárase aos participantes na charla técnica da primeira proba da Copa e se manterá para as vindeiras probas.

Os deportistas menores de idade poderán competir na categoría inmediata superior, esta posibilidade deberá formalizarse na primeira proba da Copa na que participe no ano natural e o deportista quedará obrigado a continuar competindo nesa categoría en todas as competicións da copa de escalada organizadas pola FGM nese ano.

3.2.2 CAMPIONATO GALEGO

Para participar no Campionato Galego de Escalada, todas/os os participantes galegos ou españois estarán en posesión da licenza da FGM ou FEDME do ano en curso, incluíndo seguro deportivo que cubra a participación na competición segundo o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño. Estará expedida con anterioridade ao comezo da competición.

Para participar no Campionato Galego de Escalada, as/os participantes non galegos estarán en posesión da licenza FGM ou FEDME ou no seu caso a do seu país, e deberán acreditar ter contratado un seguro de responsabilidade civil e un de accidentes que teña cobertura no territorio español e que sexa equivalente ao que rexe en España (Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño). Estará expedida con anterioridade ao comezo da competición.

Ao finalizar a competición editaranse 2 clasificacións, unha con todos as/os deportistas participantes, e outra cas/cos deportistas participantes con licenza da FGM que dará lugar ao podio do Campionato Galego de Escalada.

O Campionato disputarase individualmente. As/os participantes do Campionato Galego Absoluto con idade inferior a 18 anos deberán presentar unha autorización paterna (os organizadores incluírán na folia de inscrición un modelo de autorización paterna ou materna).

No Campionato Galego de Escalada as/os participantes estarán divididos nas categorías indicadas no apartado 3.

A organización do Campionato establecerá, na primeira convocatoria do mesmo, as categorías convocadas para o Campionato. O número mínimo de participantes por categoría será de catro. No caso de non acadar este número a Dirección da proba acordará o que teña por conveniente. Esta decisión comunicárase aos participantes na charla técnica.

Os deportistas menores de idade poderán competir na categoría inmediata superior.

4. DISCIPLINAS DE COMPETICIÓN

As competicións de escalada contemplan as seguintes probas e formatos:

- Dificultade En formato “flash” o “a vista”.
- Bloque En formato en grupos “redpoint” ou “a vista”
- Velocidade

O regulamento específico de cada proba (dificultade, bloque, campeonato de escalada en idade escolar e velocidade) e o formato (ao “flash”, “a vista” ou rotación “a vista”) detállanse no apartado correspondente do presente documento.

5. COMPETICIÓN GALEGAS: TIPOS

A FGM é a única responsable que, con carácter oficial, pode **autorizar e/ou organizar** os seguintes tipos de competicións de escalada deportiva na Comunidade Autónoma Galega. Nas seguintes figuras detállanse os diferentes formatos de cada proba:

DIFICULTADE					
Copa Galega			Campionato Galego		
2 Fases:	Semifinal:	<i>Flash</i>	1/2 vías ou máis	2 Fases:	Semifinal:
					<i>Flash</i>
					1/2 vías ou máis
	Final:	A vista	1 vía		Final:
					A vista
					1 vía
				3 Fases:	Cuartos Final:
					<i>Flash</i>
					2 vías
					Semifinal:
					A Vista
					1 vía
					Final:
					A Vista
					1 vía
A executar nun único día			2 Fases: A executar nun único día 3 Fases: A executar nun único día ou 2 días		

BLOQUE					
Campionato Galego infantil (pre-benxamín benxamín e alevín)			Campionato Galego Xuvenil (infantil, cadete e xuvenil)		
	Semifinal:	Redpoint			
		3/8			
2 Fases	bloques			2 Fases:	Semifinal:
					Redpoint
					3/8 bloques (limitado)



<p>A Vista ou Redpoint 3 / 8 Final bloques</p>	<p>Final: A Vista Ou Redpoint 3/8 bloques</p> <p>A executar nun único día</p>
---	--

<p>Copa Galega Absoluta e master 40</p> <p>2 Fases: Semifinal: Redpoint 3/8 bloques</p> <p>Final: A Vista Ou redpoint 3/8 bloques</p> <p>A executar nun único día</p>	<p>Campionato Galego Absoluta e master 40</p> <p>2 Fases: Semifinal: Redpoint 3/8 bloques</p> <p>Final: A Vista Ou redpoint 3/8 bloques</p> <p>A executar nun único día</p>
---	---

VELOCIDADE		
Campionato Galego		
2 Fases:	Semifinal:	1 Eliminatoria
	Final:	Entre 1 e 3 eliminatorias
A executar nun único día		

As competicións que se realizan atópanse detalladas nos seguintes apartados:

- 5.1. Copa Galega de Escalada de Dificultade.
- 5.2. Copa Galega de Escalada en Bloque.



- 5.3. Campionato Galego de Escalada de Dificultade.
- 5.4. Campionato Galego de Escalada en Bloque.
- 5.5. Copa Galega de Escalada en Idade Escolar
- 5.6. Campionato Galego de Escalada de Velocidade
- 5.7. Calquera outra competición de ámbito autonómico.

5.1. COPA GALEGA DE ESCALADA DE DIFICULTADE

5.1.1. Funcionamento

De acordo coas condicións establecidas pola FGM no convenio cos organizadores, estes organizarán a Copa Galega de Escalada de Dificultade, cumprindo co presente regulamento e as normas técnicas vixentes.

A convocatoria da copa establecerá as categorías que participan, que se manterán para todas as probas da copa.

O número de probas será un mínimo de dúas e un máximo de catro, cada unha das cales se celebrará preferentemente nun único día. En todo caso a celebración das mesmas non poderá exceder de dous días.

A competición desenvolverase nos formatos de *Flash* e/ou *Á Vista* e estará suxeita enteiramente ao Regulamento Específico da Escalada de Dificultade (ver apdo. 7)

Cada unha das probas desenvolverase en 2 fases:

a) Primeira fase de Clasificación ou Semifinais:

- Desenvolvida en formato ao flash
- Sobre unha ou dúas vías distintas de escalada obrigatoria para cada categoría e participante.

b) Segunda fase ou Final:

- Desenvolvida en formato “*á Vista*”
- Unha única vía

Estas dúas fases estará suxeitas enteiramente ao Regulamento Específico de Escalada de Dificultade “*á Vista*”, ao *flash* ou combinación de ambas (ver apartado 6). A proba realizarase nun único día.

5.1.2. Participación

Estarase ao disposto no punto 3.2.1 de presente Regulamento.

5.1.3 Sistema de puntuación



En cada proba a clasificación confeccionarase da forma seguinte:

Ás trinta primeiras/os competidores/as da cada unha das probas concederánselles os seguintes puntos:

Posición	Puntos	Posición	Puntos	Posición	Puntos
1	100	11	31	21	10
2	80	12	28	22	9
3	65	13	26	23	8
4	55	14	24	24	7
5	51	15	22	25	6
6	47	16	20	26	5
7	43	17	18	27	4
8	40	18	16	28	3
9	37	19	14	29	2
10	34	20	12	30	1
31 e seguintes: 1					

A clasificación final establecerase en función do resultado obtido polas/os competidoras/es. En caso de empate, as/os competidoras/es empatados/as nunha mesma praza obterán por un igual o número de puntos que corresponda a esa praza. As/os competidoras/es clasificadas/os a continuación ocuparán a praza que lles corresponda en función do número de competidores/as anteriormente clasificados/as, estén ou non empatados/as.

Os puntos conseguidos despois de cada competición agregaranse da seguinte forma:

- Se se celebraron 4 ou 3 competicións, contarase un máximo de 3 mellores resultados.
- Se se celebraron 2 competicións, contarase os 2 mellores resultados.

Se existise un empate entre dous participantes en calquera lugar da clasificación ao finalizar a competición, os competidores/as empatados/as valoraranse tendo en conta o número de puntos conseguidos naquelas competicións nas que participaron os dous ou as dúas. Se o empate continuase, considerarase aos competidores/as como empatados/as nesa praza.

Ao finalizar a Copa Galega e acabada a entrega de premios da última proba celebrada, proclamarase e farase entrega dos trofeos correspondentes, cos deportistas participantes galegos o podio dos campións, campioas, subcampións, subcampioas e terceiros, terceiras clasificadas na Copa Galega nas categorías convocadas, tanto masculina como feminina.

Ao finalizar a Copa Galega publicarase a clasificación por clubs. Dita clasificación obterase da seguinte maneira: a cada participante outorgaráselle puntos segundo o sistema de puntuación definido na táboa que atoparemos no punto 5.1.3 Para calcular os puntos totais dun club, sumaranse os puntos obtidos polos 3 primeiros competidores en tódalas categorías nas que



participa o club. O que obteña a puntuación máis alta será o campión. En caso de empate, valorarase o club que máis primeiros postos obtivese, se segue o empate, segundos postos e senón terceiros postos. En caso de que siga o empate, consideraranse "ex aequo", quedado a seguinte posición na clasificación baleira.

Para poder contabilizar os puntos na Copa Galega, os deportistas deberán inscribirse enchendo correctamente o "Campo" de club. O devandito club deberá aparecer obrigatoriamente no dorso da licenza FGM do ano en curso.

5.2. COPA GALEGA DE ESCALADA EN BLOQUE

5.2.1. Funcionamento

De acordo coas condicións establecidas pola FGM no convenio coas entidades organizadoras, estas organizarán cumprindo co presente Regulamento e as normas técnicas vixentes, a Copa Galega de Escalada en Bloque.

O número de probas será como mínimo de dúas e como máximo de catro.

As probas explicitarán na súa convocatoria as categorías comprendidas.

Cada proba disputarase nun único día. As probas desenvolveranse en dúas fases para cada unha das categorías comprendidas na Copa Galega de Bloque:

a) Primeira fase de Clasificación ou Semifinais:

- Desenvolvida nun formato de rotación *á vista* ou en grupos (redpoint).

b) Segunda fase ou Final:

- Desenvolvida en formato de rotación *á vista* ou en grupos (redpoint).

Tanto a fase de clasificación como a fase final deberán axustarse enteiramente ao Regulamento específico da Escalada en Bloque (apartado 7).

5.2.2. Participación

Estase ao disposto no punto 3.2.1 do presente Regulamento.

5.2.3 Sistema de puntuación

En cada proba a clasificación confeccionarase da forma seguinte:

Ás/os primeiras/os trinta competidoras/es de cada unha das probas concederánselles os seguintes puntos:

Posición	Puntos	Posición	Puntos	Posición	Puntos
1	100	11	31	21	10
2	80	12	28	22	9
3	65	13	26	23	8



4	55	14	24	24	7
5	51	15	22	25	6
6	47	16	20	26	5
7	43	17	18	27	4
8	40	18	16	28	3
9	37	19	14	29	2
10	34	20	12	30	1
31 e seguintes: 1					

A clasificación final establecerase en función do resultado obtido polas/os competidoras/es. En caso de empate, as/os competidoras/es empatados/as nunha mesma praza obterán por un igual o número de puntos que corresponda a esa praza. Os participantes clasificados/as a continuación ocuparán a praza que lles corresponda en función do número de competidores/as anteriormente clasificados/as, estean ou non empatados/as.

Os puntos conseguidos despois de cada competición agregaranse da seguinte forma:

- Se se celebraron 4 ou 3 competicións, contarase os tres mellores resultados.
- Se se celebraron 2 competicións, contarase todos os resultados.

Se existise un empate entre dous competidores/as en calquera lugar da clasificación ao finalizar a competición, os participantes empatados/as valorarase tendo en conta o número de puntos conseguidos naquelas competicións en que competiron os dous. Se o empate continuase, considerarase aos competidores/as como empatados/as nesa praza.

Ao finalizar a Copa Galega e acabada a entrega de premios da última proba celebrada, proclamarase e farase entrega dos trofeos correspondentes, cos deportistas participantes galegos o podio dos campións, campioas, subcampións, subcampioas e terceiros, terceiras clasificadas na Copa Galega nas categorías convocadas, tanto masculina como feminina.

Ao finalizar a Copa Galega publicarase a clasificación por clubs. Dita clasificación obterase da seguinte maneira: a cada participante outorgaráselle puntos segundo o sistema de puntuación definido na táboa que atoparemos no punto 5.2.3 Para calcular os puntos totais dun club, sumarase os puntos obtidos polos 3 primeiros competidores en tódalas categorías nas que participa o club. O que obteña a puntuación máis alta será o campión. En caso de empate, valorarase o club que máis primeiros postos obtivese, se segue o empate, segundos postos e senón terceiros postos. En caso de que siga o empate, considerarase "ex aequo", quedado a seguinte posición na clasificación baleira.

Para poder contabilizar os puntos na Copa Galega, os deportistas deberán inscribirse enchendo correctamente o "Campo" de club. O devandito club deberá aparecer obrigatoriamente no dorso da licenza FGM do ano en curso.



5.3. CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA DE DIFICULTADE

5.3.1. Funcionamento

A FGM organizará o Campionato Galego de Escalada de Dificultade cumprindo co presente Regulamento e as normas técnicas vixentes.

O Campionato Galego Absoluto pode celebrarse conxuntamente co Campionato Galego de Escalada de Dificultade Xuvenil. Atendendo ao disposto no apartado 3.

A competición desenvolverase nos formatos de *flash* e/ou a vista e estará suxeita enteiramente ao Regulamento específico de Escalada de Dificultade (ver apartado 6).

A competición pode desenvolverse en dúas ou tres fases. Desta forma, distinguimos:

a) Competición en 2 fases:

1) Primeira fase de Clasificación ou Semifinais:

- Desenvolvida en formato ao *flash*
 - Unha ou dúas vías distintas de escalada obrigatoria para cada categoría e participante.

2) Segunda fase Final:

- Desenvolvida en formato *á vista*
 - Unha única vía

Estas dúas fases estarán suxeitas enteiramente ao Regulamento específico de Escalada de Dificultade (ver apartado 7). A proba realizarase nun único día.

b) Competición en 3 fases:

1) Primeira fase de Cuartos de Final:

- Desenvolvida en formato ao *flash*
 - Unha ou dúas vías distintas distintas de escalada obrigatoria para cada categoría e participante

2) Segunda fase de Semifinal:

- Desenvolvida en formato *á vista*
 - Unha única vía

3) Terceira fase Final:

- Desenvolvida en formato *á vista*
 - Unha única vía



Estas tres fases estarán suxeitas enteiramente ao Regulamento específico de Escalada de Dificultade (ver apartado 7).

Se a competición ten 3 fases, opcionalmente poderanse disputar en:

- Un único día
- En dous días, neste caso informarase no programa da competición que roldas se disputan cada día.

5.3.2. Participación

Para participar no Campionato Galego de Escalada de Dificultade, estarase ao disposto no parágrafo 3.2.2 do presente Regulamento.

5.3.3. Sistema de puntuación

Ao finalizar a competición editaranse 2 clasificacións, unha con todas/os os deportistas participantes, e outra cas/cos deportistas participantes galegos que dará lugar ao podio do Campionato Galego de Escalada, así proclamarase e farase entrega dos trofeos correspondentes aos campións, campioas, subcampións, subcampioas e terceiras/os clasificadas/os de cada categoría.

Ao finalizar o Campionato Galego publicarase a clasificación por categorías individualmente e por clubs.

Dita clasificación obterase da seguinte maneira: A cada participante outorgaráselle puntos segundo o sistema de puntuación definido na táboa que atoparemos no punto 5.1.3.

Para calcular os puntos totais dun club, sumaranse os puntos obtidos polos 3 primeiros competidores en tódalas categorías nas que participa o club. O que obteña a puntuación máis alta será o campión. En caso de empate, valorarase o club que máis primeiros postos obtivese, se segue o empate, segundos postos e senón terceiros postos. En caso de que siga o empate, consideraranse "ex aequo", quedado a seguinte posición na clasificación baleira.

Para poder contabilizar os puntos no Campionato Galego, os deportistas deberán inscribirse enchendo correctamente o "Campo" de club. O devandito club deberá aparecer obrigatoriamente no dorso da licenza FGM/FEDME do ano en curso.

5.4. CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA EN BLOQUE

5.4.1. Funcionamento

O Campionato Galego de Escalada en Bloque se organizará cumprindo co presente Regulamento e as normas técnicas vixentes.

As/os participantes estarán divididos nas categorías que se decida pola dirección da proba dentro das establecidas no apartado 3.



O número mínimo é de 4 participantes por categoría. No caso de non acadarse ese número mínimo a Dirección da proba podera adxuntar esa categoría á inmediata superior, sempre que ambas categorías desenvolvan a proba co mesmo formato.

A competición desenvolverase en dúas fases para cada unha das categorías:

a) Primeira fase de Clasificación ou Semifinais:

- Desenvolvida nun formato de rotación en grupos *redpoint* ou *á vista*

b) Segunda fase Final:

- Desenvolvida en formato *á vista* ou *redpoint*.
- Tanto a fase de clasificación como a fase final deberán axustarse enteiramente ao Regulamento específico da Escalada en Bloque (apartado 7). A proba desenvolverase nun único día.

5.4.2. Participación

Estarase ao disposto no parágrafo 3.2.2 do presente Regulamento.

5.4.3. Sistema de puntuación

Ao finalizar a competición editaranse 2 clasificacións, unha con todas/os os deportistas participantes, e outra cas/cos deportistas participantes galegos que dará lugar ao podio do Campionato Galego de Escalada, así proclamarase e farase entrega dos trofeos correspondentes aos campións, campioas, subcampións, subcampioas e terceiras/os clasificadas/os de cada categoría.

Ao finalizar o Campionato Galego publicarase a clasificación por clubs. Dita clasificación obterase da seguinte maneira: a cada participante outorgaráselle puntos segundo o sistema de puntuación definido na táboa que atoparemos no punto 5.2.3 *Para calcular os puntos totais dun club, sumaranse os puntos obtidos polos 3 primeiros competidores en tódalas categorías nas que participa o club. O que obteña a puntuación máis alta será o campión. En caso de empate, valorarase o club que máis primeiros postos obtivese, se segue o empate, segundos postos e senón terceiros postos. En caso de que siga o empate, consideraranse "ex aequo", quedado a seguinte posición na clasificación baleira.*

Para poder contabilizar os puntos no Campionato Galego, as/os deportistas deberán inscribirse enchendo correctamente o “Campo” de club. O devandito club deberá aparecer obrigatoriamente no dorso da licenza FGM do ano en curso.



5.5. COPA GALEGA DE ESCALADA EN IDADE ESCOLAR

5.5.1. Introducción e obxetivos

As competicións da Copa Galega de Escalada en Idade Escolar están dirixidas as rapazas e rapaces pequenos e intentan introducilas/os nas competicións de escalada. Teñen unha finalidade didáctica para que as nenas e nenos saiban competir, e que, pouco a pouco, adquiran coñecementos e familiaridade coas competicións de escalada, que comezan a familiarizarse co Regulamento, as pautas de arbitraje e de funcionamento das competicións de escalada. Tamén servirán para que as nenas e nenos deportistas coñezanse e fortalezan amizades e vínculos.

Igualmente estas competicións permitirán às persoas responsables das escolas de escalada valorar a evolución das rapazas e rapaces e adecuar os contidos do seu programa formativo aos parámetros esixidos nas competicións, tanto autonómicas como nacionais.

5.5.1 Participación

Para participar na Copa Galega de Escalada en Idade Escolar estarase ao disposto no parágrafo 3.2.1 do presente Regulamento.

5.5.2. Funcionamento

As probas desenvolveranse de acordo co establecido no presente Regulamento para as probas de escalada de dificultade, ou de escalada en bloque, no caso de que esta modalidade sexa incluída na Copa Galega de Escalada en Idade Escolar.

O número mínimo de probas será de dúas e o máximo será de oito podendo combinar probas de escalada na modalidade de dificultade ou de corda con probas de escalada de bloque.

No caso de convocar a categoría pre-benxamín, benxamín e para -escalada para a proba de escalada de dificultade, esas e esos deportistas escalarán aseguradas/os coa corda no sistema top rope.

No caso de que algunha proba consista nunha competición de escalada de bloque, e na convocatoria estean incluídas as categorías de idades inferiores, poderá establecerse no sistema de puntuación ademais do top, unha ou dúas zonas.

5.5.3. Sistema de Puntuación

En cada proba, sexa de dificultade ou de bloque, a clasificación confeccionarase segundo o establecido no apartado 5.1.3. Aos trinta primeiros competidores/as da cada unha das probas concederánselles os seguintes puntos:

Posición	Puntos	Posición	Puntos	Posición	Puntos
1	100	11	31	21	10
2	80	12	28	22	9
3	65	13	26	23	8
4	55	14	24	24	7
5	51	15	22	25	6



6	47	16	20	26	5
7	43	17	18	27	4
8	40	18	16	28	3
9	37	19	14	29	2
10	34	20	12	30	1
31 e seguintes: 1					

A clasificación final establecerase en función do resultado obtido polos competidores/as. En caso de empate, os competidores/as empatados/as nunha mesma praza obterán por un igual o número de puntos que corresponda a esa praza. Os competidores/as clasificadas/os a continuación ocuparán a praza que lles corresponda en función do número de competidores/as anteriormente clasificados/as, estean ou non empatados/as.

Os puntos conseguidos despois de cada competición agregaranse da seguinte forma:

- Se se celebraron 4 ou 3 competicións, contarase un máximo de 3 mellores resultados.
- Se se celebraron 2 competicións, contarase os 2 mellores resultados.

Se existise un empate entre dous ou dúas participantes en calquera lugar da clasificación ao finalizar a competición, os competidores/as empatadas/os valoraranse tendo en conta o número de puntos conseguidos naquelas competicións nas que participaron os dous ou as dúas. Se o empate continuase, considerarase aos competidores/as como empatados/as nesa praza.

Ao finalizar a Copa Galega de Escalada en Idade Escolar e acabada a entrega de premios da última proba celebrada, proclamarase e farase entrega dos trofeos correspondentes, cos deportistas participantes galegos o podio dos campións, campioas, subcampións, subcampioas e terceiros, terceiras clasificadas na Copa Galega nas categorías convocadas, tanto masculina como feminina.

Ao finalizar a Copa Galega de Escalada en Idade Escolar publicarase a clasificación por categorías individualmente e por clubs.

Dita clasificación obterase da seguinte maneira: A cada participante outorgaráselle puntos segundo o sistema de puntuación definido na táboa que atoparemos no punto 5.5.3.

Para calcular os puntos totais dun club, sumaranse os puntos obtidos polos 3 primeiros competidores en tódalas categorías nas que participa o club. O que obteña a puntuación máis alta será o campión. En caso de empate, valorarase o club que máis primeiros postos obtivese, se segue o empate, segundos postos e senón terceiros postos. En caso de que siga o empate, considerarase "ex aequo", quedado a seguinte posición na clasificación baleira.

Para poder contabilizar os puntos na Copa Galega, os e as deportistas deberán inscribirse enchendo correctamente o "Campo" de club. O devandito club deberá aparecer obrigatoriamente no dorso da licenza FGM/FEDME do ano en curso.



5.6. CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA DE VELOCIDADE

5.6.1. Funcionamento

A FGM poderá organizar o Campionato de Galego de escalada de Velocidade cumprindo co presente Regulamento e as normas técnicas vixentes.

A competición desenvolverase sobre o muro de 15 metros homologado pola Federación Internacional para a escalada de velocidade.

A competición realizarase en dúas fases:

a) Primeira fase de Clasificación ou Semifinais:

- Desenvolvida com unha práctica previa e dúas rondas da clasificatoria, das que se tomará o mellor tempo realizado.

b) Segunda fase Final:

- Desenvolvida entre unha e tres eliminatorias.

A Directora ou Director da proba explicará na reunión técnica o número de eliminatorias a realizar polos competidores/as.

Ambas as fases realizaranse para cada unha das categorías. A proba realizarase nun único día.

A fase de clasificación e final estará enteiramente suxeita ao regulamento específico da escalada de velocidade (ver apartado 8)

5.6.2. Participación

Para participar no Campionato Galego estarase ao disposto no parágrafo 3.2.2 do presente Regulamento.

5.7. OUTRAS COMPETICIÓNS DE ÁMBITO AUTONÓMICO

A Vogalía de Escalada e a Dirección Técnica FGM poderá convocar calquera outro formato de competición que xurdise, axustando a realización do mesmo ao presente Regulamento coas precisións que sexan establecidas na convocatoria.

6. PROBA DE DIFICULTADE

As competicións de escalada que se disputan nesta proba defínense como aquelas competicións nas que se escala como primeiro de corda, en que a competidora ou competidor sobe desde o chan e vai mosqueteando sucesivamente cada cinta exprés, utilizando como único sistema de progresión só as presas e volumes que lle permite o muro. A altura alcanzada (ou, en caso de



seccións transversais, a maior distancia ao longo da liña de progresión da vía) determina a clasificación da competidora ou competidor ao termo da competición.

Tambén se poderá realiza a competición no formato de escalada de segundo ou top rope (sistema de aseguramiento por polea asegurando desde o chan). Neste caso os competidores/as poderán unir a corda ao seu arnés de escalada a través dun mosquetón de seguridade homologado, de acordo aos estándares da UIAA/CE, disposto pola organización para acelerar o proceso de encordamento dos participantes ao *top rope*. Esta modalidade poderá ser indicada para as probas de escalada de dificultade da categoría pre-benxamín, benxamín e para-escalada.

6.1. FORMATO DE DIFICULTADE A VISTA

No formato de dificultade à *Vista* (termino inglés de “*on sight*”), o intento á vía realízase despois dun período autorizado de observación e a competidora ou competidor non ten ningún outro tipo de información sobre a vía que a obtida durante este período.

6.1.1. O muro de escalada

Todas as competicións autorizadas por FGM desenvólense nun muro que preferentemente estará construído de acordo coa normativa UNE EN 12572, e terá que permitir equipar vías do nivel adecuado para a competición.

Requisitos xerais:

- A superficie do muro de escalada permitirá na súa totalidade o seu uso para escalar.
- As marxes laterais da estrutura e a marxe superior non se poden utilizar para escalar, e tampouco se poderán utilizar os buracos do muro onde van colocadas as presas.
- Si é necesario delimitar unha vía ao muro para separala claramente doutra, a delimitación realizarase cunha marca continua e claramente identificable.
- A presa de saída para o comezo dunha vía estará marcada de forma clara.
- A reunión e as cintas exprés estarán ben reseñadas.
- Marcarase a última presa da vía.

6.1.2. Seguridade

Durante a competición tomaranse tódalas medidas de seguridade necesarias. Cada vía deseñase evitando a posibilidade dunha caída do deportista que:

- Lesione a competidora ou competidor.
- Lesione ou estorbe a outra competidora ou competidor.



A Directora ou Director da Competición, a Árbitra ou Árbitro de Vía e o/a Equipadora ou Equipador Delegado inspeccionara cada vía antes do comezo de cada rolda de competición para así asegurarse de que se tomaron as medidas de seguridade necesarias.

En particular, a Directora ou Director da proba, a Presidenta ou o Presidente do Xurado, as Árbítr@s de Vía e a Equipadora ou Equipador Delegado:

- Asegurarase de que todo o equipo e as medidas de seguridade cumpran os estándares de UIAA/CE e/ou IFSC, e o Regulamento de Escalada Deportiva FGM.
- As cordas da competición serán para uso en simple, preferentemente novas, co diámetro adecuado para unha proba de escalada deportiva e terase especial coidado delas durante toda a competición. Calquera dúbida do estado da corda consultarase coa Dirección da proba, para que sexa retirada e substituída por outra. A frecuencia en que se ha de cambiar a corda a determinará a Árbitra ou Árbitro de Vía ou a Directora ou Director de Competición.
- Decidirán se a corda ha de ser pasada polo primeiro punto de protección ou calquera outro punto da vía.

Antes do comezo de cada rolda, a Directora ou Director de Competición aseguraranse que existe un dispositivo de asistencia médica para actuar en caso de accidente ou lesión dun competidor/a ou calquera outra persoa.

Todo o material utilizado nunha competición ha de estar homologado pola UIAA/CE.

Os puntos de protección estarán compostos por:

- Os mosquetóns que se utilizan como ancoraxes aos parabolts (por onde ha de pasar a corda) han de ser preferentemente *Maillón Rapide* homologados de 8 a 10mm ou mosquetóns de escalada homologados.
- A Cinta exprés cosida de lonxitude adecuada.
- O mosquetón por onde pasa a corda terá que estar correctamente orientado seguindo o percorrido da vía.

Cando sexa necesario unha extensión dunha cinta exprés, poderase realizar facendo a secuencia cinta mosquetón, cinta e mosquetón, ou unha baga longa de cinta de resistencia igual ou maior que a cinta exprés, opción, esta última, recomendada. Non se acurtará unha cinta mediante nós baixo ningún concepto.

A distancia máxima entre dous mosquetóns por onde pasa a corda ha de ser de dous metros como máximo.

Requisitos xerais dos participantes:

- Cada competidora/or poderá utilizar calquera marca de arnés, calzado de escalada, bolsa de magnesio e vestimenta que queira, sempre que sexa apropiada e utilizada correctamente.



- Se a organización proporciona camisetas de competición (que han de levar posta cada competidora/or sen poder modificala) estas serán de obrigada utilización.
- Os competidores/as utilizarán unha corda de uso en simple proporcionada pola organización ou a corda propia, que ten que ser debidamente homologada.
- Os competidores/as encordaranse utilizando unicamente o nó de dobre oito reseguído.
- Os competidores/as levarán o cabelo recolleito. Así mesmo non levarán colgantes, pulseiras, aneis ou outros obxectos que poidan poñer en perigo a seguridade do competidor.

Os competidores/as menores de idade estarán obrigados a levar o casco de seguridade.

A Presidenta ou Presidente do Xurado e a Directora ou Director da proba teñen autoridade para expulsar da zona de competición a calquera persoa que non cumpra coas normas de seguridade.

6.1.3. Aseguradores/as e aseguramento

Todo o material que se utilice para o aseguramento dos competidores/as estará homologado pola UIAA/CE.

As árbitras/os verificarán que as Aseguradoras/es sexan competentes. a Árbitra/o de Vía e a Directora/or de Competición teñen autoridade para pedir que se substitúa calquera Aseguradora/or ou calquera outra persoa que poña en perigo a seguridade, avisando á Directora ou Director da proba que será o que execute esta petición.

A corda será controlada por unha Aseguradora/or, preferiblemente asistida por unha segunda persoa. O Asegurador terá que utilizar un dispositivo de aseguramento homologado pola UIAA/CE.

A Aseguradora/or terá que ter especial coidado durante o intento do competidor de que:

- Os movementos do competidor/a non sexan imposibilitados en ningún momento polo feito de que a corda estea moi frouxa ou moi tensada.
- Cando o competidor queira chapar a corda, os seus movementos non deberan ser obstaculizados para realizar esta acción. Así, se o chapaxe falla por parte do competidor/a, o exceso de corda terase en conta en caso de:
 - a) Parada dunha forma dinámica en caso de caída.
 - b) Non permitir un exceso de metros de caída por parte do competidor/a.
 - c) A caída non suporá ningún dano ou lesión ao escalador/a causado polas arestas, volumes, etc...

A Aseguradora ou Asegurador terá a cantidade de corda suficiente todo o tempo que asegura. Calquera tensión na corda pode ser interpretada como unha axuda externa no intento do competidor á vía, e a Árbitra/o de Vía pode declarar un incidente técnico por este feito.



Unha Árbitra/o de Vía pode pedir á Presidenta ou Presidente do xurado o cambio dun Asegurador en calquera momento, e o Presidente/a comunicarlle ao mesmo Asegurador/a e ao Director/a de Competición o cambio do Asegurador/a e o motivo.

Se a competidora ou competidor chega ao top da vía ou cae no seu intento, a aseguradora ou asegurador encargarase de baixar o competidor ata o chan de forma segura.

É responsabilidade da aseguradora ou asegurador retirar de forma rápida a corda de todos os puntos de ancoraxe e asegurarse de que a competidora ou competidor abandona a zona de competición de forma rápida.

6.1.4. Inscripcións para a competición

Para participar na competición é necesario realizar a correspondente inscrición que quedará pechada cando a organización de acordo coa FGM o determine.

6.1.5. Reunión técnica

Antes da competición, celebrarase unha reunión técnica na que se informará de:

- Confirmación das categorías da competición e das ratios de clasificacións para as finais.
- Sorteo e orde de saída dos competidores/as.
- Hora de entrada e lugar de quecemento.
- Hora de inicio da competición.
- Desenvolvemento simultáneo ou alterno (Feminino/Masculino).
- Puntualizacións ao regulamento en caso de existir.
- Tempo de realización da vía e dificultade técnica.

6.1.6. Orde de saída

A orde de saída da primeira fase (clasificación) será establecida pola Presidenta ou Presidente do Xurado mediante un sorteo entre todas/os os participantes.

Para a rolda final, a orde de saída será a inversa á da clasificación obtida na rolda clasificatoria. Se hai competidoras/es que compartan posición, a orde de saída entre as competidoras/es empatados/as decidirase por sorteo.

Se é necesario realizar unha superfinal, a orde de saída será a mesma que a da rolda final.

A orde de saída de cada rolda deberá ser publicada no taboleiro de anuncios oficial e noutros posibles taboleiros informativos.

6.1.7. Zona de inscrición e illamento



Todas/os as competidoras ou competidores inscritos para competir nunha das roldas dunha competición han de rexistrarse e entrar na zona de illamento nunca máis tarde da hora especificada na reunión técnica. Cando comece a competición, a zona de illamento quedará pechada e calquera competidora ou competidor que non se atope nese momento no seu interior, será descalificada/o da competición.

Só aquelas persoas especificadas a continuación poderán entrar na zona de illamento (necesitarán unha identificación previa e o permiso da Presidenta ou Presidente do Xurado ou da Directora ou Director da Proba):

- Árbitros/as da competición
- Organizadores/as da competición
- Aseguradores/as
- Competidores/as inscritos e elixidos para competir nesa rolda de competición.
- Persoal técnico da FGM
- Prensa autorizada e outras persoas que crean oportunas a Directora ou Director da Competición e a Presidenta ou Presidente do Xurado.

Ninguén poderá entrar na zona de illamento durante a competición, a excepción dos competidores/as que esperen a súa quenda e as persoas autorizadas. Os árbitros/as poden reducir, se o cren oportuno, o número de persoas da zona de illamento.

Non se permitirá a entrada de ningún animal de compañía á zona de illamento, aínda que pertencen ás persoas autorizadas nesta zona. Ademais, estará totalmente prohibido fumar ou inxerir bebidas alcohólicas na zona de illamento.

Non estará permitida a entrada e a utilización de teléfonos móbiles na zona de illamento, así como de calquera aparello electrónico con conexión ao exterior mediante telefonía ou internet. Estes aparellos poderán ser custodiados polas árbitros/os durante o período que dure a competición.

A zona de illamento estará constituída por 2 áreas, unha de descanso e relaxación e outra de queceamento na que se incluírá unha zona de escalada.

6.1.8. Zona de competición

Na zona de competición só poderán estar aquelas persoas especificadas na seguinte lista (e que necesitan unha identificación previa e permiso da Presidenta ou Presidente do Xurado ou da Directora ou Director da Proba):

- Árbitros/as da competición
- Organizadores/as da competición



- Aseguradores/as
- Competidores/as inscritos ou elixidos para competir
- Persoal técnico da FGM
- Prensa autorizada polo Presidente da Competición e o Presidente do Xurado

Non se permitirá a entrada de ningún animal de compañía á zona de competición, aínda que pertencen ás persoas autorizadas nesta zona. Ademais, estará totalmente prohibido fumar ou inxerir bebidas alcohólicas na zona de competición.

6.1.9. Período de observación

Se a Presidenta ou Presidente do Xurado non especifican o contrario, aos competidores/as inscritos nunha rolda de competición permitiráselles un período de observación anterior ao comezo da competición, durante o cal poderán estudar a vía.

Ninguén poderá acompañar aos competidores/as durante o período de observación, e estes non se comunicarán en ningún caso con persoas situadas fóra da área de observación.

O período de observación será decidido pola Presidenta ou Presidente do Xurado, baixo os consellos da Equipadora ou Equipador Delegado, e non poderá en ningún caso ser superior aos 6 minutos.

Os competidores/as estarán na zona designada como área de observación, sendo descalificados se saísen dela, e só se lles permitirá tocar a ou as presas de saída.

Durante o período de observación, os participantes poderán utilizar prismáticos e apuntar as notas que crean oportunas ou facer un esbozo (a man). Non se permitirá ningún equipo de gravación.

Ao final do período de observación, os competidores/as volverán á zona de illamento. A demora en volver será penalizada cun cartón amarelo, e non volver comportará a descalificación segundo o réxime disciplinario (apartado 10).

Se se producise unha superfinal, o Presidente do Xurado poderá decidir se habería ou non un período de observación.

6.1.10. Zona de tránsito e preparación previa á escalada

Antes de empezar unha vía, cada competidora ou competidor será acompañado por unha persoa autorizada desde a zona de illamento á zona de tránsito adxacente ao muro de escalada. Ao competidor non se lle permitirá observar desde a zona de tránsito ningunha vía, nin a situación desta, nin a superficie do muro, nin a ningún outro competidor no seu intento á vía.

Na zona de tránsito, as competidoras ou competidores non poderán estar acompañados nin comunicarse con ningunha persoa.

O competidor/a chegará á zona de tránsito co arnés posto.



Ao chegar á zona de tránsito, cada competidor/a terá que poñerse o seu calzado de escalar, atarse a corda co nó de encordamento de dobre oito reseguído e realizar todos os preparativos finais antes do seu intento á vía.

Todo o equipo de escalada e o nó de encordamento utilizado polo competidor será inspeccionado e aprobado polo árbitro/a de vía antes de que o competidor comece a escalar.

Cada competidor/a estará preparado para deixar a zona de tránsito e entrar na zona de competición cando se lle dean instrucións para facelo. Calquera retraso pode comportar un cartón amarelo e a descualificación inmediata se persistise.

6.1.11. Tempo para realizar a vía

O tempo para realizar a vía será fixado pola Presidenta ou Presidente do Xurado baixo o consello dos equipadores/as. Así, recoméndanse como un tempo non superior a 6 minutos para todas as fases.

- O competidor pode pedir ser informado do tempo durante a súa escalada e o árbitro deberá dicirlle os minutos e segundos que faltan para que o tempo se esgote.

O tempo de escalada para cada competidor rexístrase como o tempo entre:

- a) o comezo do seu intento á vía cando todas as partes do seu corpo se levanten do chan e
- b) cando o competidor:
 - chape a última cinta da vía dentro do tempo establecido para o seu intento ou caia

En todos os casos o tempo de escalada calcúlase no segundo exacto (redondeando cara abaixo as décimas).

Cando o tempo de vía se esgote, a árbitra ou árbitro debe pedir ao competidor que pare e dará instrucións para que os procedementos de medición se fagan na última presa válida cando o tempo acabou. Se o competidor non obedece, o árbitro pode ordenar que se bloquee a corda para que este baixe da vía.

6.1.12. Procedemento de escalada

Ao entrar na zona de competición e chegar á base do muro de escalada, esixiráselle á competidora que se coloque na saída da vía. Neste punto, a cada competidor/a permitiráselle 40 segundos antes de empezar o seu intento á vía. Se ao finalizar estes 40 segundos a competidora/or non comezou o seu intento á vía, daráselle inmediatamente instrucións para que o faga. Calquer retraso pode producir a descualificación do competidor ou competidora.

O tempo para realizar a vía será determinado no punto 6.1.11; neste período de tempo non se incluírán os 40 segundos de preparación descritos no parágrafo anterior.



Darase por empezado o intento á vía por parte do competidor cando todas as partes do seu corpo non toquen o chan.

Durante o intento á vía:

- Cada competidor utilizará as cintas exprés para asegurarse en secuencia.
- Estará permitido chapar a primeira cinta desde o chan se isto é posible.
- Permitirase que un competidor poida deschapar e rechapar a última cinta exprés chapada.
- O competidor deberá estar nunha posición lexítima todo o tempo:
 - ~ Non ten usado ningunha axuda ilegal.
 - ~ Chapou todos os puntos de protección precedentes en secuencia.
 - ~ cando o seguinte punto de protección aínda non foi chapado a/o deportista non acadou ou non fixo ningún movemento de escalada para pasar máis alá de calquer punto de seguridade designado polo equipador delegado.
- Da última presa dende a que era posible chapar o último punto de protección sen que o a escaladora/or teña abandonado con ambas mans esa última presa

A Presidenta ou Presidente do Xurado, de acordo ca Equipadora ou Equipador Delegado, pode indicar ao competidor que unha cinta debe ser chapada desde unha posición ou presa determinada e marcada para iso cunha cruz, indicado así durante o período de observación.

Se un competidor chapa unha cinta exprés pero a corda queda nunha posición de Z despois da chapaxe, o competidor deberá corrixir a chapaxe en Z. Permitiráselle deschapar e rechapar (se fose necesario descendendo) as cintas involucradas na chapaxe en Z. Despois de corrixir a posición da corda, as cintas deberán ser chapadas de novo de forma correcta.

6.1.13. Finalización dunha escalada

Un intento dunha competidora ou competidor á vía detense cando:

- O competidor cae.
- Excede do tempo regulamentario asignado para realizar a vía.
- Perde a posición lexítima.

Ao finalizar a participación dunha competidora ou competidor, este será descendido inmediatamente ao chan e abandonará a zona de competición.

6.1.14. Puntuación



Ao finalizar o intento dun competidor á vía, a medida da altura coneguida polo competidor/a será realizada ata a presa máis alta dominada (ou no caso de travesía ou teito, a presa máis afastada dominada seguindo a liña de progresión).

Cada presa será considerada como tal por parte do Equipador/a Delegado/a con anterioridade a comenza a realizar as vías, ou despois do seu uso positivo por un competidor/a durante a competición. As presas marcaranse seguindo a secuencia de ruta que diseñou a equipadora delegada. As presas e volumes de gran tamaño, que poden ser agarradas en diferentes partes da súa superficie, poderán ser consideradas como diferentes presas, seguindo o equipo arbitral as instrucións do equipador/a delegado/a. So se considerarán as presas empregadas polas mans.

A efectos de puntuación:

- a) Unha presa considerarase “controlada” cando un competidor fixo uso da presa ou volume para lograr ou cambiar unha posición estable do corpo, os termos “controlar” e “controlado” deben interpretarse deste xeito. A puntuación dun competidor/a que controla unha presa será o número asignado a esta posición sen sufixo.
- b) Unha presa ou volume considerase “usada” cando con ela un competidor/a fixo un movemento progresivo do seu centro de masa ou cadera, máis un movemento de una ou dúas mans cara a seguinte presa secuencial na liña de progresión ou de calqueira outra presa máis adiantada na liña de progresión que teña sido controlada por outro deportista dende a mesma presa. Os termos “usar”, “usada”, “usos” e “usado” interpretaranse neste contexto. A puntuación dun competidor nunha presa “usada” será o número asignado a esta presa cun signo positivo (+) como sufixo. Esta puntuación é mellor que a puntuación descrita no apartado a) co mesmo número de presa, pero sen sufixo.

A un competidor/a permitiráselle retroceder durante o tempo dispoñible no seu intento á vía considerando, se caese, a presa máis alta tocada con anterioridade.

Un competidor/a conseguirá a altura máxima nunha vía *top* se consegue chapar a última cinta ou descolgue da vía, independentemente desde que presa do muro o faga. Se se collese ao descolgue ou caeda, puntuaráselle a última presa do muro collida cun sufixo positivo (+)

6.1.15. Uso do equipo de vídeo

As árbitras/os deben pedir á organización que lles facilite equipo/s de vídeo para poder realizar as correspondentes gravacións de toda a competición. As árbitras/os deberán visionar o vídeo en caso de dúbidas ou reclamacións. O vídeo é un instrumento de uso interno para Árbitros/as que debe ser enviado posteriormente á Área de Competición e en ningún caso debe ser visionado polos competidores/as ou representantes. As gravacións (no formato que sexa) estarán en posesión da Área de Competición como probas para posibles reclamacións.

6.1.16. Mantemento do muro

As Árbitras/os e a Equipadora ou Equipador Delegado deberán coidar que en cada rolda de competición se manteña de forma eficiente o muro de escalada.



Se durante a competición se rompese ou movese algunha presa, seguindo as instrucións da árbitro/a a equipadora ou equipador revisará e realizará calquera traballo de reparación, informando á Presidenta ou Presidente do Xurado. Se o resultado da reparación supón unha vantaxe ou desvantaxe para os competidores/as seguintes, a Presidenta do Xurado pode tomar a decisión de continuar esa rolda ou detela e comezar de novo. A decisión da Presidenta do Xurado será inapelable.

Limpeza de presas: a frecuencia e método de limpeza das presas nos muros de escalada decidiraos o Director/a da proba (consultando co equipador/a e o árbitro/a de vía) antes de dar comezo cada rolda de competición. O intervalo de limpeza en roldas ou grupos moi numerosos non poderá superar os 20 competidores/as de marxe.

6.1.17. Incidentes técnicos

A Árbitra ou árbitro de Competición pode decretar incidente técnico se:

- Existe unha tensión ou unha obstrución na corda que utiliza o competidor/a.
- Unha presa está rota ou solta.
- Existe unha cinta exprés ou mosquetón colocados incorrectamente.
- Calquera outro incidente que supoña unha vantaxe ou desvantaxe para unha competidora ou competidor, non sendo como resultado da acción do propio competidor.

A Árbitra/o de Competición decretará incidente técnico sempre que se produza calquera circunstancia que deixe en vantaxe ao competidor debido a axudas externas.

O Árbitro/a de Competición pode declarar incidente técnico a petición do Competidor/a se:

- O competidor/a non se atopa en posición lexítima debido ao incidente técnico e reclama ao árbitro, quen dá a razón ao competidor. No caso dunha presa que se moveu, e se existen dúbidas respecto diso, o árbitro debe pedir ao equipador que suba a verificalo.
- O competidor/a permanece en posición lexítima a pesar do incidente técnico pero reclama ao árbitro que se lle conceda incidente técnico. O competidor/a debe especificar concretamente o ocorrido e esperar a que a árbitra lle dea a súa conformidade para abandonar o seu intento á vía.

Calquera competidor/a suxeito/a a incidente técnico pero que continúe escalando porque se atopaba en posición lexítima, non pode en caso de caída posterior reclamar incidente técnico.

A calquera competidor/a suxeito/a a incidente técnico se lle permitirá un período de recuperación na zona de illamento, sen entrar en contacto con ningún outro competidor/a ou técnico/a.

O competidor/a debe decidir inmediatamente cando desexa comezar o seu próximo intento á vía, que deberá ser entre de inmediato e antes do quinto competidor/a seguinte.



Se non quedasen tantos competidores/as en competición, ao competidor/a permitiráselle un tempo máximo de recuperación de 20 minutos antes de tentar a vía.

Dispoñerá do mesmo tempo asignado á reunión técnica para tentar a vía.

Ao competidor/a suxeito a un incidente técnico rexistraráselle sempre o mellor resultado dos seus intentos á vía.

6.1.18. Orde de saída dos escaladores en roldas de clasificación

Nunha rolda de clasificación, ao tratarse de dúas vías, estes terán a orde de saída establecida segundo o seguinte criterio:

- Para a primeira vía de clasificación, a orde de saída da categoría será establecida de forma aleatoria ou “*random*”.
- A orde de saída da segunda vía de clasificación deberá estar na mesma orde da primeira ruta pero cun desaxuste do 50%, é dicir, o primeiro escalador/a en saír será o situado no punto medio da orde de saída da primeira vía, e os seguintes escaladores irán saíndo sucesivamente nesa orde para partir do primeiro escalador/a. Unha vez acabada a lista (última escaladora/or da orde de saída da primeira vía), seguirá o primeiro escalador/a da orde de saída da primeira vía e así sucesivamente, ata o escalador anterior ao que comezou a orde da segunda vía de clasificación. Deberan pasa un mínimo de vinte minutos dende que o escalador/a rematou a primeira clasificatoria e comezou a escalar a segunda.
- A orde de saída dunha terceira vía de clasificación sería a orde inversa á orde de saída establecida na primeira vía de clasificación.

Exemplo: si temos 21 competidores/as dunha categoría nunha rolda de clasificación, o escalador que empeza primeiro (1º) a primeira vía de clasificación, será o escalador/a undécimo (11º) na segunda vía de clasificación.

6.1.19. Clasificación e cotas para cada rolda

Despois de cada rolda de competición, os competidores/as situaranse na clasificación de acordo coa altura máxima acadada (co sufixo correspondente), tal e como se define no apartado 6.1.12.

Si a rolda clasificatoria se realiza sobre dúas ou máis vías non idénticas, os competidores/as non clasificados para a seguinte rolda situaranse agregando a praza obtida, combinando as rutas, como se verá a continuación.

Nunha mesma categoría, sempre haberá un tempo mínimo de 20 minutos desde o último competidor/a da rolda anterior ata o primeiro competidor/a da seguinte rolda.

6.1.20. Clasificacións despois dunha rolda (Clasificación ou Final)



Consideracións Xerais:

- Para cada ruta establécese o seguinte criterio para a clasificación dos competidores/as:
 - a) En primeiro lugar figurarán todos aqueles competidores/as que conseguisen chegar ao top da vía chapando a última cinta ou descolgue.
 - b) A continuación figurarán todos aqueles competidores/as que caesen dando por acabado o seu intento á vía, sempre en orde descendente á súa puntuación.
- Si un competidor/a non inicia ningún intento en tódalas vías previstas para a clasificación, ou á final, non será engadido á clasificación e por tanto non obterá puntuación (no caso de ser unha proba de Copa).
- Si dous competidores/as permanecen empatados/as nunha posición na vía final, a clasificación será determinada pola posición da vía clasificatoria. Si aínda así persistise o empate, o tempo obtido en cada intento por parte de cada competidor/a será o que determine a súa posición, sendo o menor tempo obtido o que resultará mellor clasificado.
- Si os dous tempos fosen iguais, entón os dous competidores/as serán considerados empatados/as na mesma posición.

Clasificación despois da Rolda de Clasificación:

- Cada competidor/a que participa nunha Rolda de Clasificación será ordenado cuns puntos da forma seguinte:
 - a) Cando o competidor/a ten unha clasificación única na vía, a puntuación será igual á clasificación do competidor/a na súa rolda.
 - b) Cando dous ou máis competidores/as están empatados/as na vía, a puntuación será igual á clasificación media dos competidores/as empatados/as na súa rolda.
- Exemplo: 6 empates na 1ª posición, significa que: $(1+2+3+4+5+6)/6 = 21/6 = 3.50$ 4 empates na 2ª posición, significa que: $(2+3+4+5)/4 = 14/4 = 3.50$
- A clasificación será en orde ascendente do total de puntos outorgados a cada competidor/a (a menor puntuación será a mellor), calculada coa seguinte fórmula:

$$TP = \sqrt{R1 * R2} \quad \text{Abreviacións: TP: Total de Puntos}$$

R1: Ranking ou puntos obtidos (segundo clasificación) na 1ª ruta de clasificación.

R2: Ranking ou puntos obtidos (segundo clasificación) na 2ª ruta de clasificación.

- Os puntos totais da clasificación deberán presentarse con dous decimais e serán ordenados de menor (mellor clasificación) a maior (peor clasificación).



A cota fixa de competidores/as para a semifinal e para a final sera establecida polo Director/a da proba en función do número de participantes por cada categoría (entre 4 e 8 escaladores). Se comunicará aos deportistas e ao Presidente do Xurado con anterioridad a a comezar as clasificatorias.

Un competidor/a clasificado en 1ª posición na 1ª vía e en 1ª posición na 2ª vía será clasificado en 1ª posición global. Calquera competidor/a que realice con éxito tódalas vías da fase clasificatoria pasará á final.

Cando exista un número insuficiente de competidores/as que completasen con éxito a clasificatoria, o número de prazas ata completar a cota fixada de paso obterase dos seguintes competidores/as mellor clasificados.

Cotas flotantes:

- Si o número de clasificadas/os para a rolda final excedese do número indicado pola dirección da proba, como resultado de empates, se tomará o número máis próximo á cota fixada (calculando por arriba e por abaixo). Non se aplicará a cota flotante si a rolda previa se realizou sobre dúas ou máis vías non idénticas.
- Cando o número de clasificadas/os para a rolda final exceda do número indicado pola dirección da proba antes do comezo da mesma, como resultado de empates, (calculando por riba e por abaixo) collerase á cota máis alta, excepto en circunstancias especiais (Televisión, streaming, etc) que será a máis pequena.

Rolda final:

A clasificación definitiva para as/os finalistas confeccionarase co resultado obtido na final. Si, unha vez acabada a final, existe un empate na primeira praza da clasificación, se valorará o resultado obtido na clasificatoria co obxectivo de romper o empate.

Si a pesar diso o empate continúa, terase en conta o tempo empregado en escalar a vía da final, e o competidor/a que empregase menos tempo será o gañador.

A clasificación definitiva obterase para as/os finalistas co resultado obtido na final, en caso de empate destes recorrerase ao resultado obtido na clasificatoria. Si persiste o empate terase en conta o tempo empregado en escalar a vía da final, polo que se ordenará a clasificación en función do tempo empregado.

A clasificación definitiva para os competidores/as que non pasaron á final farase tendo en conta unicamente o resultado da clasificatoria. En caso de empates, considerarase aos competidores/as empatados/as na praza máis alta e ao seguinte competidor/a na praza posterior ao número de competidores/as que leva por diante.

6.2. FORMATO DE DIFICULTADE AO FLASH

Defínese o formato de dificultade ao *flash* como aquela escalada que se realiza despois dunha demostración da vía (realizada polo equipador/a antes de comezar a competición ou mediante



vídeo gravado previamente) e sen ningunha indicación externa durante a tentativa do competidor/a.

6.2.1. Regulamento idéntico ao do formato de dificultade á vista (6.1) con cambios

A continuación definimos os puntos diferenciais respecto ao Regulamento definido para a dificultade á vista (6.1) con cambios.

Aspectos diferenciales respecto ao exposto no Regulamento para a escalada a vista:

6.2.2. Período de Observación e Zona de Illamento

Neste formato ao *flash* non sería aplicable o punto 6.1.9 (Período de observación) do formato de dificultade á vista, xa que as/os competidores/as poden observar aos outras/os competidores/as nos seus intentos á vía. Ademais contéplanse os seguinte puntos:

- A organización, co consentimento da Presidenta ou Presidente do Xurado, delimitará unha zona para permitir que as/os competidores/as poidan observar os intentos a vía dos outras/os competidores/as.
- Ademais, cando comece a competición, a zona de illamento quedará aberta unicamente aos competidores/as rexistrados, os cales terán permiso de entrada e saída sempre que acrediten estar rexistrados na competición.

6.2.3. Preparación previa á escalada

No formato ao *flash* non sería aplicable o punto 6.1.10 (zona de tránsito e preparación previa á escalada) do formato de dificultade á vista. Si que serán aplicables as seguintes modificacións do punto 6.1.10:

As/os competidores/as estarán pendentes da posición na que realizarán o seu intento á vía. Non serán acompañados/as por ningún membro de organización ni ningún árbitro/a desde a zona de tránsito á zona de competición.

Cando os competidores/as sexan chamados polo árbitro/a de vía desde a zona de competición para realizar o seu intento á vía, as/os competidoras/es terán que ter xa postos o seu arnés e o seu calzado de escalada. Nese momento se encordarán e realizarán todos os preparativos finais previos ao seu intento á vía. Calquera demora pode dar como resultado un cartón amarelo e, se a súa actitude persiste, pode resultar na descualificación.

Todo o equipo de escalada e o nó de encordamento de dobre oito reseguído ha de ser inspeccionado e aprobado pola árbitra/o de vía antes de que o competidor/a comece no seu intento á vía.

PROBA DE ESCALADA DE BLOQUE



A escalada de bloque consiste na escalada de rutas de pequena altura e gran dificultade, nas cales o competidor/a vai sen corda, sendo o obxectivo principal a finalización do problema.

7.1. Formato a vista.

Na Proba de Bloque, e no formato a *vista*, o intento ao problema polo competidor/a se realizará sen ter outro tipo de información que o obtido durante o período de observación que o competidor/a considere oportuno, dentro do tempo asignado para realizar o bloque e sen ningunha indicación externa nin antes, nin durante o intento do competidor/a (ver procedemento de escalada, punto 7.1.9).

7.1.1. As zonas de escalada

Todas as competicións autorizadas pola FGM desenvolveranse cun deseño determinado. As zonas de escalada ou bloques terán unha altura máxima que non permita unha caída superior a 3 metros, considerando a parte máis baixa do corpo, e dispoñerán de suficiente superficie hábil para instalar varias vías ou problemas de bloque, suficientemente separadas unhas doutras para garantir a seguridade e a non interferencia entre elas.

Os problemas terán un máximo de 12 presas de man e a media de todos os problemas estará preferentemente entre 4 e 8 presas de man. Consideraranse as posibles presas dos volumes seguindo o consello da Equipadora ou Equipador Delegado.

Non se poderá utilizar para escalar a parte de soporte da estrutura nin tampouco os bordos laterais e superior da mesma. Só se poderá utilizar a parte destinada para iso e, dentro desta superficie destinada para o bloque. Non se poderán utilizar para progresar os elementos destinados á seguridade (ancoraxes...) nin os destinados para a suxeición das presas (buracos dos **parafuxos**).

Os límites dereito e esquerdo de cada ruta estarán claramente delimitados cunha marca continua. Se é necesario delimitar unha vía no muro para separala claramente, a delimitación se realizará usando unha marca continua e claramente identificable.

Cada bloque terá as presas de saída, para o comezo do bloque, perfectamente marcadas (con catro marcas).

Cada bloque terá a presa de bonificación e a presa de final de vía perfectamente marcados coa marca de **zona** e **top** respectivamente (ver procedemento de escalada 7.1.9) Excepcionalmente poderá marcarse outra presa como **zona**, si o sistema de puntuación o requirise, neste caso se sinalará como **zona 2**. (Neste último caso o bloque tera dúas *zonas* e o *top*).

7.1.2. Seguridade

Durante a competición deberanse tomar todas as medidas necesarias de seguridade. Cada bloque se deseñará evitando a posibilidade dunha caída que poida lesionar ao competidor/a. Tódolos problemas deberán estar protexidos con colchóns.



A Directora ou Director da proba, e a Equipadora ou Equipador Delegado inspeccionarán cada vía antes do comezo de cada rolda de competición, co fin de asegurar que se observaron as medidas de seguridade estándar. En particular, o Director/a da proba e o Equipador/a Delegado:

- Asegurarase de que todo o equipo e medidas de seguridade son acordes cos estándares da UIAA/CE e o regulamento da FGM.
- Asegurarase de que as vías se realicen en solitario, e se asegurarán de que o chan estea suficientemente protexido con colchóns.
- Indicarán ao árbitro/a de vía as características do bloque e todos velarán porque os deportistas podan escalar coa máxima seguridade. A Árbitra/o de Vía podera autorizar que se protexa aos escaladores si o considera necesario.

Antes do comezo de cada rolda, o Director/a de Competición aseguraranse de que existe un dispositivo sanitario para actuar en caso de accidente ou lesión dun competidor/a ou calquera outra persoa.

Todo o material usado na competición deberá cumprir cos estándares da UIAA/CE.

Requisitos xerais:

- Cada competidor/a é libre de usar calquera marca de calzado de escalada, bolsa de magnesio e vestimenta que prefira.
- Se a organización proporciona camisetas de competición (que terá que levar posta cada competidor/a sen poder modificala), estas serán de obrigada utilización do mesmo xeito que o dorsal identificativo.

A Presidenta ou Presidente do Xurado terá a autoridade para solicitar que se expulse da zona de competición a calquera persoa que non observe as medidas de seguridade.

7.1.3. Preinscripción para a competición

Para participar na competición é necesario realizar a correspondente inscrición que quedará pechada cando a organización de acordo coa FGM o determine.

7.1.4. Reunión técnica

Antes da competición, celebrarase unha reunión técnica na que se informará de:

- Confirmación das categorías.
- Sorteo e orde de saída das/os competidores/as.
- Hora de entrada e lugar de quecemento.
- Horarios de inicio da competición



- Número de problemas e secuencia de paso por roldas.
- Período de tempo determinado para cada rolda.
- Cotas de acceso á final.
- Puntualizacións ao regulamento, no caso de existir.

7.1.5. Orde de saída

A orde de comezo da primeira fase (clasificación), no sistema de a *vista*, será establecido polas/os árbitras/os mediante sorteo entre todos os participantes inscritos.

Para a rolda final, a orde de comezo será o inverso ao da clasificación obtida na rolda previa. Se hai competidores/as que compartan prazas, a orde de comezo entre os competidores/as empatados/as decidírase por sorteo.

Si é necesario realizar unha superfinal, a orde de saída será a mesma que a da rolda final.

A orde de saída de cada rolda será publicada no taboleiro de anuncios oficial e noutros posibles taboleiros informativos.

7.1.6. Zona de Inscripción e Illamento

Todas/os os competidoras/es inscritas/os para enfrontarse nunha das roldas da competición, se rexistrarán e entrarán na zona de illamento nunca máis tarde da hora especificada na reunión técnica. Cando comece a competición, a zona de illamento quedará pechada e calquera competidor/a que non se atope nese momento no seu interior, será descualificada/o da competición.

Só aquelas persoas especificadas a continuación poderán entrar na zona de illamento, necesitarán unha identificación previa e o permiso do Director/a da proba ou do Presidente/a do Xurado:

- Árbitros/as da competición
- Organizadores/as da competición
- Gardacostas
- Competidores/as inscritos/as e elixidos/as para disputar esa rolda de competición.
- Persoal técnico da FGM
- Prensa autorizada e outras persoas que crean oportunas o Presidente/a da Competición e o Presidente/a do Xurado.

Ninguén poderá entrar na zona de illamento durante a competición sin a autorización da Presidenta/e do Xurado que pode reducir, se o cre oportuno, o número de persoas da zona de illamento.



Non se permitirá a entrada de ningún animal de compañía á zona de illamento, aínda que pertencen ás persoas autorizadas nesta zona. Ademais, estará totalmente prohibido fumar ou inxerir bebidas alcohólicas na zona de illamento.

Non estará permitida a entrada e a utilización de teléfonos móbiles na zona de illamento, así como de calquera aparello electrónico con conexión ao exterior mediante telefonía ou internet. Estes aparellos poderán ser custodiados polos árbitros durante o período que dure a competición.

A zona de illamento estará constituída por 2 áreas: unha de descanso e relaxación e outra de queceamento na que se incluírá unha zona de escalada.

7.1.7. Zona de tránsito e preparación previa á escalada

Antes de empezar unha vía, cada competidor/a será acompañado por unha persoa autorizada desde a zona de illamento á zona de tránsito adxacente ao muro de escalada. Ao competidor/a non se lle permitirá observar desde a zona de tránsito ningunha vía, nin a situación desta, nin a superficie do muro nin a ningún outro competidor/a no seu intento á vía.

Na zona de tránsito, os competidores/as non poderán ter compañía algunha ao seu lado de ningunha persoa, e estes/as tampouco poderán comunicarse con calquera outra persoa situada nesta área.

Ao chegar á zona de tránsito, cada competidor/a terá que poñerse o seu calzado de escalar e realizar todos os preparativos finais antes do seu intento á vía.

Todo o equipo de escalada utilizado polo competidor/a será inspeccionado e aprobado polo árbitro/a de vía antes de que o competidor/a comece a escalar. O uso de equipo non autorizado ou algún cambio na camiseta oficial (si fose o caso), provocará a inmediata descualificación do competidor/a.

Cada competidor/a estará preparado para deixar a zona de tránsito e entrar na zona de competición cando se lle dean instrucións para facelo. Calquera atraso pode comportar un cartón amarelo, e a descualificación inmediata se persistise, segundo o Regulamento Disciplinario (Apartado 9).

7.1.8. Período de Observación

O período de observación para cada problema de bloque estará incluído no período de escalada. Cada zona incluírá unha área, marcada claramente, desde onde o competidor/a poderá ver o bloque. Esta área non interferirá coas zonas adxacentes.

7.1.9. Procedemento de escalada

En cada rolda de competición, os competidores/as tentarán un número de bloques en secuencia (recomendanse 3 como mínimo e 8 como máximo por cada rolda de competición).

Os competidores/as antes de comezar un intento, só poderán tocar a ou as presas de saída. O feito de tocar outras presas de maneira intencionada ou a estrutura, comportará a puntuación dun intento, a criterio do árbitro, e a súa persistencia pode derivar nunha acción disciplinaria. En ningún



caso os competidores/as poderán recibir ningún tipo de indicación externa que lle dea información sobre os bloques.

No formato de Escalada red point ou *á americana* os competidores/as poden ver os intentos dos outros pero se contabilizarán os intentos de cada deportista para facer o bloque. Terán intentos ,ilimitados ou restrinxidos a un determinado número, dentro do tempo establecido pola organización para o desenvolvemento da proba. Esta modalidade pode ser utilizada para a rolda clasificatoria ou para a rolda final das categorías de menor idade sempre que o dispoña a dirección da proba.

O número de bloques da fase Clasificatoria ou Semifinais e da fase Final será determinado polo Director da proba de acordo co Equipador Delegado entre un número mínimo de 3 e máximo de 8.

Cada problema de bloque terá un tempo máximo asignado para poder ser resolto, que será o mesmo para todos os problemas da mesma rolda. Distinguimos dúas situacións en función de que sexa a Rolda Clasificatoria ou a Rolda Final:

- a) Rolda Clasificatoria: Cando finaliza o período de tempo asignado para a realización da vía, o competidor/a deixará de escalar inmediatamente (sen poder acabar o seu intento). Establécese un tempo de **5 minutos** por bloque.
- b) Rolda Final: O Presidente/a do Xurado explicará na reunión técnica cal será o formato de tempo a utilizar na rolda final e a modalidade.

Defínense os dous seguintes formatos para a Rolda Final:

- b.1) Cando finaliza o período de tempo asignado para a realización da vía, o competidor/a deixará de escalar inmediatamente (sen poder acabar o seu intento). Establécese un tempo de **5 minutos** por bloque.
- b.2) Cando finaliza o período de tempo asignado para a realización da vía, o competidor/a deixará de escalar inmediatamente (sen poder acabar o seu intento). Establécese un tempo de **4 minutos** por bloque pero con previa visualización de 2 minutos por bloque de forma conxunta por parte dos finalistas.

No caso de que o formato elixido para a rolda final sexa escalar os bloques en red point ou *á americana* a dirección da proba establecerá un tempo para a rolda. Os escaldores/as terán que escalar os seus problemas dentro dese tempo. No caso de que realice unha final utilizando este formato, o Director/a da proba, en colaboración co equipador/a delegado/a explicará aos árbitros/as de vía o número máximo de intentos que poderá facer o mesmo escalador.

Ao entrar en cada zona ao competidor/a lle será requirido que se sitúe na liña oficial de saída, neste momento o competidor/a pode iniciar o seu ataque á vía ou continuar a súa observación. Ao final do período para a realización da vía, o competidor/a cesará de escalar e estará preparado para ir á seguinte zona. Si o competidor/a non para de escalar cando se lle ordene, será descalificado.

Cada bloque terá asignada unha posición inicial con 4 puntos marcados claramente.



Respecto ás presas dos bloques:

- Os competidores/as poden tocar as presas marcadas como de saída antes de facer un movemento de escalada e situarse na posición requirida de saída sen despegar os pés do chan.
- Si un competidor/a non chega ás presas de saída desde o chan permitiráselle saltar para poder chegar ás presas de saída.

Un intento a un bloque darase por iniciado cando estando na posición inicial a criterio do árbitro/a de vía, o corpo se eleve do chan e quede suspendido da estrutura, ou toque coas mans outras presas que non sexan as de inicio ou engada calquera tipo de marca á estrutura ou ás presas.

O competidor/a pode preguntar ao árbitro/a en calquera momento canto tempo queda. Finalizará o tempo determinado para cada bloque cando o aparello sonoro se active na área de escalada.

O competidor/a pode retroceder en calquera punto da vía, mantendo o seu intento sempre que non descenda ao chan.

Un intento considérase acabado con éxito cando se colle a presa final (claramente marcada) con ambas as mans e o árbitro/a o considera bo mediante a voz ok e levantará unha das mans para indicarlle o ok.

O *Top* do bloque ten que estar claramente marcado e/ou delimitado:

- Presa final ou top.
- Área claramente marcada e delimitada. Considerarase o bloque finalizado se o competidor/a está nunha clara posición final controlada e estable, tocando coas dúas mans a área top, a criterio do árbitro de vía.

Un intento considerarase errado en caso de:

- Caída
- Tocar o chan.
- Exceder os límites do bloque.
- Non arrincar na posición correcta de inicio de mans e pés indicada polo árbitro/a.
- Esgotar o tempo sen completar o bloque.

Finalizado o intento á ruta, con éxito ou fracaso, o competidor/a debe volver inmediatamente ao chan. Si quere iniciar un novo intento debe volver ao momento de inicio sen tocar para nada a estrutura.

Un competidor/a pode tentar un problema tantas veces como queira dentro do tempo máximo concedido.



Si un competidor/a completa a ruta con éxito dentro do tempo concedido, debe permanecer dentro da zona de escalada daquela ruta ata que o tempo se acabe e lle sexa ordenado o paso á seguinte zona.

Despois de cada ruta, o competidor/a dispoñerá dun período de repouso igual ao tempo asignado de escalada, si se considera oportuno por parte do equipo arbitral e a organización.

Unha presa considerárase como controlada, a criterio do árbitro/a, cando un competidor/a faga uso da presa ou volume para conseguir ou cambiar unha posición estable do corpo.

Os competidores/as poden usar cepillos para limpar as presas ás que cheguen desde o chan. Os cepillos metálicos están prohibidos.

O uso de resina de piñeiro está prohibido.

7.1.10. Sistema de puntuación

A clasificación despois de cada rolda realizarase tendo en conta o seguinte criterio:

- Número de problemas resoltos con éxito.
- Número total de presas zona.
- Número total de intentos realizados para completar os problemas resoltos con éxito.
- Número total de intentos realizados para obter as presas zona con éxito.

Presas Zona: en todas as vías existirá unha presa considerada de zona (claramente marcada mediante unha cor distinta ás de saída e chegada, e ao resto de presas) situada segundo o criterio do equipador/a. Se o competidor/a chega a usar estas presas conseguirá uns puntos de bonificación. A todo problema resolto con éxito contaráselle a presa de Zona, aínda non sendo usada, no intento no que foi conseguido o “Top”. Poderá marcarse unha segunda presa zona antes do “Top” se o formato de puntuación da proba o requirise.

7.1.11. Mantemento das zonas

Os Árbitros/as e o Equipador/a Delegado/a deberán coidar que en cada rolda de competición se manteñan de forma eficiente as áreas de escalada.

Si durante a competición se rompese ou movese algunha presa: seguindo as instrucións do Árbitro/a, o Equipador/a realizará ou revisará calquera traballo de reparación e poñerá ao corrente á Presidenta ou Presidente do Xurado. Si o resultado da reparación supón unha vantaxe ou desvantaxe para os competidores/as seguintes, a Presidenta/e do Xurado pode tomar a decisión de continuar facendo este bloque nesa rolda ou eliminalo e non considerar a puntuación obtida nel para ningún competidor/a. Si non existe ningunha outro bloque dispoñible e a rolda só se disputaba a 4 bloques, o Presidente/a do Xurado, de forma excepcional pode dar validez á rolda disputándose unicamente 3 bloques.



Limpeza de presas: a frecuencia e método de limpeza das presas nas áreas de escalada decidiraos o Director/a da proba (consultando ao Equipador/a Delegado/a e ao árbitro/a de competición) antes de dar comezo cada rolda de competición.

7.1.12. Incidentes técnicos

O Árbitro/a de Competición pode decretar incidente técnico se:

- Unha presa está rota ou solta.
- Calquera outro acontecemento que supoña unha desvantaxe ou vantaxe para un competidor/a, non sendo resultado da acción do propio competidor/a.

O Árbitro/a de Competición deberá decretar incidente técnico sempre que se produza calquera aspecto que deixe en vantaxe ao competidor/a debido a axudas externas.

O Árbitro/a de Vía pode declarar incidente técnico, a petición do competidor/a si:

- a) O competidor/a non se atopa en posición lexítima debido ao incidente técnico e reclama ao árbitro/a, quen dá a razón ao competidor/a. No caso dunha presa que se moveu, si existen dúbidas ao respecto, o árbitro/a debe pedir ao equipador/a que suba a verificalo.
- b) O competidor/a permanece en posición lexítima a pesar do incidente técnico pero reclama ao árbitro que se lle conceda incidente técnico. O competidor/a debe especificar concretamente o ocorrido e esperar a que o árbitro/a lle dea a súa conformidade para abandonar o seu intento á vía.

Calquer/a competidor/a suxeito/a a incidente técnico que continúe escalando, porque se atopaba en posición lexítima, non pode en caso de caída posterior reclamar incidente técnico nese intento. Aínda que si poderá facelo, se debe volver intentar a mesma zona e esta quedou danada.

O competidor/a suxeito/a a incidente técnico que afecte ao bloque e que reclame ao árbitro/a, debe deixar a vía en cuestión e esperar dentro da área de escalada marcada ata que finalice o tempo e se lle ordene desprazarse á seguinte área. A reparación do bloque comezará tan pronto como sexa notificada polo árbitro/a ao equipador/a.

Si a reparación da vía non finaliza antes do tempo de rotación, levarase aos competidores/as afectados (aos que lles toque ese bloque) á zona de illamento, controlando que non poidan establecer contacto con ninguén ata que finalice a reparación. Entón, os competidores/as volverán ao bloque seguinte do incidente técnico para, unha vez acabada a súa rolda, volver á vía reparada como se detalla no seguinte punto.

O competidor/a ou competidores/as afectados/as por unha reparación continuarán a súa rolda polas áreas seguintes ata que finalice a rolda. Entón o competidor/a ou competidores/as volverán á zona non realizada debido ao incidente técnico para reintentar a vía. O tempo permitido para volver tentar a vía será o tempo que quedaba para finalizar o seu intento (no momento no que o incidente técnico se comunicou aos árbitros/as) tempo que, como mínimo, ha de ser de 2 minutos.



Cando deba facerse unha reparación ou un competidor/a estea pendente dun reintento, o competidor/a que está a esperar na zona de tránsito deberá ser devolto á zona de illamento, tantas veces como sexa necesario.

Se o tempo para reparar unha zona se alongase máis dunha rotación, a Presidenta ou Presidente do Xurado pode eliminar ese bloque nesa rolda ou acceder a que os competidores/as continúen e declarar incidente técnico cada vez que accedan á zona.

Se o incidente técnico é tal que a rolda enteira debe ser parada, os competidores/as que están a escalar serán levados á zona de illamento, controlando que non manteñan contactos con ninguén, ata que o incidente fose reparado .

7.1.13. Clasificación e cotas para cada rolda

Despois de cada rolda de competición, os competidores/as situaranse na clasificación de acordo coa puntuación obtida e os bonos de desempate segundo se especifica no apartado 7.1.11.

En caso de prazas empatadas usaranse os puntos de bonificación para desfacer o empate. Si o empate continúa e se trata da rolda final, se utilizará a clasificación da rolda previa. Si a pesar disto o empate en praza da clasificación continuase, haberá unha praza “*ex aequo*”.

A clasificación final se establecerá en función do resultado obtido polos competidores/as. En caso de empate, os competidores/as empatados/as nunha mesma praza terán por un igual o número de puntos que corresponda a esa praza; os competidores/as clasificados a continuación ocuparán a praza que lles corresponda en función do número de competidores/as anteriormente clasificados, estean ou non empatados/as.

A cota fixada para a rolda final será anunciada polos organizadores antes de empezar a competición. Esta cota deberá ser un mínimo de 4 competidores/as. O Director/a da proba terá a potestade de incrementar esta cota ata un máximo de 8 competidores/as.

A orde de saída dos finalistas será o inverso á rolda de clasificación. Así, o primeiro/a escalador/a na rolda clasificatoria será o último/a na orde de saída da rolda final.

Calquer/a competidor/a que realice toda a rolda coa puntuación máxima pasará directamente á final. Se non existen suficientes competidores/as que obtivesen a puntuación máxima para cubrir a cota da final, recorrerase á clasificación para cubrir esa cota. Se o empate entre competidores/as provoca un exceso de competidores/as nas prazas que dan acceso á rolda final, escollerase sempre o número máis pequeno de competidores/as, sen exceder o mínimo regulamentario. Esta última norma podería ser modificada polo Director/a da proba.

7.2. Formato de Escalada en Grupos *Redpoint*

Defínese como o formato de Bloque en Grupo aquela escalada en bloque que realizan todos/as os participantes á vez (en grupo) coa posibilidade de escalar todos/as os bloques ou problemas no mesmo período de tempo (tamén chamado sistema americano). Os/as escaladores/as poden visualizar aos outros participantes nos seus intentos así como intercambiar información (termo inglés de *redpoint*) entre eles, pero sen recibir indicacións externas durante o seu intento.



Entre os intentos dos escaladores/as, estes poderán intercambiar indicacións, pero en ningún caso (escaladores/as, adestradores/as ou público) poderán dar indicacións a un escalador/a durante o seu intento ao bloque.

Durante o período de tempo asignado para completar a rolda, cada escalador/a administrárase o tempo como crea conveniente.

Poderá establecerse un formato de *redpoint* limitado em número de intentos, no que cada deportista poderán realizar o número de intentos establecido para cada problema. Ou un formato de intentos ilimitados no que, os escaladores/as poderán realizar un número de intentos en cada problema que lles permita o tempo da competición. Neste caso o presidente/a do xurado adoptará as medidas pertinentes para que os deportistas teñan as mesmas posibilidades de intentar os problemas.

7.2.1. Regulamento idéntico ao de Bloque: “á Vista” (7.1) con cambios

A continuación definimos os puntos diferenciais respecto ao regulamento definido para Bloque: a *vista*.

7.2.2. Zona de tránsito e preparación previa á escalada

Se procederá como marca o punto 7.1.8 do actual Regulamento, pero o tránsito desde a zona de illamento á zona de competición se realizará conxuntamente co grupo de escaladores/as que, da mesma ou diferente categoría, participen nos mesmos bloques, todos xuntos.

7.2.3. Período de observación

A diferenza do que marca o punto 7.1.10 en relación ao procedemento de escalada, o período de observación establécese para todo o grupo que previamente se situou na zona de competición. É entón cando un dos árbitros/as mostrará a todos os escaladores/as do grupo o percorrido de cada bloque, xuntamente co equipador/a. Así, indicarán claramente a todos/as os participantes as posicións de saída, *Top* e calquera particularidade que poida existir en cada bloque. Unha vez se mostren todos os bloques, o árbitro/a informará a todos/as os participantes que nese momento comeza o tempo asignado para a rolda.

7.2.4. Procedemento de escalada

En cada rolda de competición, os escaladores/as tentarán o número de bloques establecido para a rolda de competición.

O número de escaladores/as que compiten no mesmo grupo e que pertencen á mesma categoría e rolda de competición, pode variar en función do número de participantes inscritos na proba.

O tempo concedido para a realización de todos os bloques por parte dos escaladores/as será asignado polo Director/a da proba, de acordo co Equipador/a Delegado da proba. No caso de que haxa máis dun grupo, o Presidente/a do Xurado informará da composición dos mesmos e do tempo dispoñible.



Cada escalador/a pedirá claramente ao árbitro/a de vía vez para realizar o seu intento, no caso de haber escaladores realizando o bloque ou esperando a súa quenda.

Cada problema de bloque terá asignado unha posición inicial que estará formada por unha posición de saída. Esta posición inicial estará claramente marcada.

Un intento a un problema de bloque darase por iniciado cando desde a posición de saída, o escalador/a estea suspendido/a da estrutura, perdendo o contacto do seu corpo co chan, a criterio do árbitro/a de vía.

O escalador/a pode preguntar ao árbitro/a de vía en calquera momento canto tempo lle queda á rolda de competición.

O escalador/a pode retroceder en calquera punto da vía, mantendo o seu intento sempre que non toque o chan.

Un intento considérase acabado cando se colla a presa final ou *Top* (claramente marcada) coas dúas mans e o árbitro/a o dea por bo á voz de ok e levantará unha das mans para indicarlle o ok.

O *top* do bloque ten que estar claramente marcado e/ou delimitado:

- Presa final ou top
- Área claramente marcada e delimitada. Considerarase o bloque finalizado se o competidor/a está nunha clara posición final controlada e estable, tocando coas dúas mans a área top, a criterio do árbitro de vía.

Un intento considérase errado en caso de:

- Caída.
- Tocar o chan.
- Exceder os límites da ruta.
- Acabar o tempo sen completar o problema.

Finalizado o intento do bloque de forma exitosa ou non, o escalador/a ha de volver inmediatamente ao chan. Se quere iniciar un novo intento, voltará ao momento de inicio sen tocar a estrutura, ou gardar a súa quenda para un novo intento. O árbitro/a de vía procederá seguindo as indicacións do Director/a da proba e do presidente/a do xurado a autorizar un novo intento ou a pasar aos seguintes escaladores/as que queren intentar o bloque.

Un escalador/a pode tentar un problema totalas veces que queira, dentro do tempo máximo concedido.

O árbitro/a de vía poderá requirir a presenza do presidente/a do xurado se observa calquera conduta antideportiva por parte dalgún escalador/a, por exemplo estar un tempo excesivo nalgún



dos bloques sempre que estea a prexudicar á dinámica doutros escaladores/as do grupo. Así mesmo, entre os intentos dos escaladores/as, estes poderán intercambiar indicacións, pero en ningún caso (escaladores/as, adestradores/as ou público) poderán dar indicacións a un escalador/a durante o seu intento.

Unha presa considérase controlada segundo o criterio do árbitro/a. Unha presa, *Top*, considerarase controlada, cando un escalador faga uso da presa para conseguir unha posición estable ou controlada.

Os escaladores/as poden utilizar cepillos para limpar as presas ás que se cheguen desde o chan. Os cepillos metálicos están prohibidos.

O uso de resinas de piñeiro están prohibidas.

Se un escalador/a completa todos os bloques con éxito dentro do tempo concedido para a rolda, terá que abandonar a zona de competición, entregando o seu cartón de competición ao árbitro/a do último bloque no que completou a súa participación.

Cada vez que un escalador/a completa un bloque ou considera que non volverá realizar ningún intento, asinará o cartón de anotación ao árbitro/a de vía correspondente.

Unha vez acabado o tempo outorgado para o grupo na realización dos bloques, cada participante deberá asinar e entregar o cartón de anotación ao árbitro/a de vía onde estaba a realizar o seu último intento.

7.2.5. Mantemento das zonas

Mantense todo o especificado no punto 7.1.12 do presente Regulamento.

7.2.6. Incidentes técnicos

Tal e como establece o punto 7.1.13, o árbitro/a de competición pode decretar incidente técnico se:

- Unha presa se move ou rompe.
- Calquera outro tipo de acción que supoña unha vantaxe ou desvantaxe para un escalador/a, non sendo como resultado dalgunha acción do propio escalador/a.

O árbitro/a de competición deberá decretar incidente técnico sempre que se produza calquera aspecto que deixe en vantaxe ao competidor/a debido a axudas externas.

Nestes casos, procederase como marca o punto 7.1.13, coa particularidade de que a afectación será para o grupo enteiro. Desta forma, o presidente/a do xurado será quen determinará o tempo total que se engadirá ao tempo concedido para a rolda, desde un mínimo de 60 segundos ata o máximo de dous 2 minutos.



A criterio do escalador/a, este aceptará continuar o seu intento ao bloque en caso de incidente técnico ou parará un intento para proceder coa reparación, non contando este intento no cartón de anotación en caso de ter que parar a escalada.

7.2.7. Clasificación e cotas para cada rolda

Mantense todo o especificado no punto 7.1.14 do presente regulamento.

8. PROBA DE VELOCIDADE

A escalada de velocidade consiste en escalada de itinerarios idénticos o máis rápido posible, mediante escalada en polea ou autobelayer. Como sucede en dificultade, ningunha axuda artificial está permitida na progresión do competidor/a. O tempo obtido determina a clasificación do competidor/a.

8.1. O muro de escalada

Todas as competicións autorizadas pola FGM desenvolveranse no muro específico para a proba de velocidade deseñada pola IFSC, na versión de 15 metros. O muro estará construído de acordo coa normativa UNE EN 12572. .

A superficie do muro de escalada permitirá na súa totalidade o seu uso para escalar. As marxes laterais da estrutura e a marxe superior non se poden utilizar para escalar, e tampouco se poderán utilizar os buracos do muro onde van colocadas as presas.

Si é necesario delimitar unha vía no muro para separala claramente da outra vía, a delimitación realizarase cunha marca continua e claramente identificable.

O muro de velocidade terá como referencia os materiais habituais utilizados nas probas oficiais da IFSC.

8.2. Seguridade

Durante a competición deberanse tomar todas as medidas necesarias de seguridade. Cada vía deseñarase evitando a posibilidade dunha caída que:

- Lesione ao competidor/a.
- Lesione ou bloquee a outro competidor/a.

O Árbitro/a de Vía e o Equipador/a Delegado/a han de inspeccionar cada vía antes do comezo de cada rolda de competición, para así asegurarse de que se tomaron as medidas de seguridade necesarias.

En particular, o Presidente/a do Xurado, os Árbitros/as de Vía e o Equipador/a Delegado:



- Asegurarase de que todo o equipo e as medidas de seguridade cumpran os estándares da UIAA/CE e o regulamento de escalada deportiva FGM.

Antes do comezo de cada rolda, o Director/a da Proba, asegurarase de que existe un dispositivo sanitario, para actuar en caso de accidente ou lesión dun competidor/a ou calquera outra persoa.

Todo o material utilizado nunha competición ha de estar homologado pola UIAA/CE.

O Equipador/a procurará que o cronómetro da proba funcione correctamente.

A conexión da corda co punto de desviación e o lugar do descolgue ou *Top-ropes* realizaranse con mosquetóns de seguridade e cintas exprés conectadas cun Maillon Rapide homologado.

8.3. Requisitos xerais:

De forma xeral:

- Cada competidor/a poderá utilizar calquera marca de arnés, calzado de escalada, bolsa de magnesio e vestimenta que queira, sempre que sexa apropiada e utilizada correctamente.
- Si a organización proporciona camisetas de competición (que han de levar postas cada competidor/a sen poder modificala) estas serán de obrigada utilización.

Os/as competidores/as utilizarán os medios proporcionados polos organizadores

O Presidente/a do Xurado terá a autoridade para solicitar que se aparte da zona de competición a calquera persoa que non observe as medidas de seguridade.

8.4. Aseguradores/as e aseguramento

Todo o material que se utilice para o aseguramento dos competidores/as estará homologado pola UIAA/CE.

8.5. Inscripción para a competición

Para participar na competición é necesario realizar a correspondente inscrición que quedará pechada cando a organización, de acordo coa FGM, o determine.

8.6. Reunión técnica

Antes da competición, celebrarase unha reunión técnica na que se informará de:

- Sorteio e orde de saída dos competidores/as.
- Hora de entrada e lugar de quecemento.
- Hora de inicio da competición.
- Desenvolvemento simultáneo ou alterno (Feminino/Masculino).



- Puntualizacións ao regulamento en caso de existir.

8.7. Orde de inicio da Competición

A orde de comezo da primeira fase (clasificación) será feita por sorteo polos árbitros/as entre todos os participantes inscritos. Para a rolda final, a orde de comezo das eliminatorias será como se describe no apartado 8.13.

A orde de comezo da fase clasificatoria e das eliminatorias finais deberá ser publicada no taboleiro de anuncios oficiais e noutros posibles taboleiros informativos.

8.8. Zona de inscrición e illamento

Todos/as os competidores/as inscritos para competir nunha das roldas dunha competición han de rexistrarse e entrar na zona de illamento nunca máis tarde da hora especificada na reunión técnica. Cando comece a competición, a zona de illamento quedará pechada e calquera competidor/a que non se atope nese momento no seu interior, será descalificado da competición.

Só aquelas persoas especificadas a continuación poderán entrar na zona de illamento (necesitarán unha identificación previa e o permiso do Presidente do Xurado):

- Árbitros/as da competición
- Organizadores/as da competición
- Aseguradores/as
- Competidores/as inscritos e elixidos para competir nesa rolda de competición
- Persoal técnico da FGM
- Prensa autorizada e outras persoas que crean oportunas o Director/a da Competición e o Presidente/a do Xurado.

Ninguén poderá entrar na zona de illamento durante a competición, fóra dos competidores/as que esperen a súa quenda, os árbitros/as ou persoas autorizadas polo Presidente/a do Xurado. Os árbitros/as poden reducir, si o cren oportuno, o número de persoas da zona de illamento.

Non se permitirá a entrada de ningún animal de compañía á zona de illamento, aínda que pertencen ás persoas autorizadas nesta zona. Ademais, estará totalmente prohibido fumar ou inxerir bebidas alcohólicas na zona de illamento.

Non estará permitida a entrada e a utilización de teléfonos móbiles na zona de illamento, así como de calquera aparello electrónico con conexión ao exterior mediante telefonía ou internet. Estes aparellos poderán ser custodiados polos árbitros/as durante o período que dure a competición.

A zona de illamento estará constituída por 2 áreas, unha de descanso e relaxación e outra de quecemento na que se incluírá unha zona de escalada.



8.9. Período de proba

Excepto cando os árbitros/as especifiquen o contrario, aos competidores/as inscritos nunha rolda de competición permitiráselles unha proba durante a cal poderán facer un estudo da vía e escalala completamente.

8.10. Zona de tránsito e preparación previa á escalada

Antes de empezar o seu intento á vía, cada competidor/a será escoltado por unha persoa autorizada desde a zona de illamento á zona de tránsito inmediatamente adxacente ao muro de escalada.

Cada competidor/a deberá estar listo para deixar a zona de tránsito e entrar na zona de competición cando se lle dean instrucións para así facelo. Calquera atraso pode dar como resultado un cartón amarelo e si persistise este, a descualificación automática segundo o Réxime Disciplinario (Apartado 9).

8.11. Zona de Competición

Na zona de competición só poderán estar aquelas persoas especificadas na seguinte lista (necesitan unha identificación previa e permiso do Presidente do Xurado):

- Árbitros/as da competición
- Organizadores/as da competición
- Aseguradores/as
- Competidores/as inscritos e elixidos para competir
- Persoal técnico da FGM
- Prensa autorizada e outras persoas que crean oportunas o Director/a da Competición e o Presidente/a do Xurado.

Non se permitirá a entrada de ningún animal de compañía á zona de competición, aínda que pertencen ás persoas autorizadas nesta zona. Ademais, estará totalmente prohibido fumar ou inxerir bebidas alcohólicas na zona de competición.

8.12. Procedemento de Escalada

O competidor/a chegará á zona de competición e situarase na base do muro de escalada. Pediráselle que se sitúe na posición de saída, cun pé no chan e o outro situado na primeira presa, e as dúas mans na presa de saída.

Neste punto o árbitro preguntará: NOS SEUS POSTOS ou PREPARADOS? Despois: LISTOS e finalmente: XA!

Marcandose tres tempos diferenciados.



Pódese substituír o XA por un sinal visual ou auditiva que sexa clara e nítida.

Non se admite ningunha apelación contra a instrución de comezar a vía, con excepción daquel competidor/a que sinala con claridade que aínda non estivese preparado cando o árbitro/a lle pregunte.

Ao chegar ao final da vía, o competidor/a terá que parar o cronómetro pulsando a placa situada no *Top* ou ben tocando o sinal de final de vía para que así os árbitros/as deteñan o cronómetro. O tempo de realización da vía será considerado en: segundos, décimas e centésimas de segundo, é dicir: 1/100. O sistema de cronometrado ha de ser capaz de rexistrar ata milésimas, é dicir: 1/1000, para así poder asegurar o tempo nos segundos, décimas e centésimas de segundo, redondeando as milésimas ás centésimas inferiores.

Este tempo virá determinado por:

- a) Marcador mecánico-eléctrico: actívase ao sinal de inicio dado polo árbitro/a e parárase cando o competidor/a pulse o sinal de final de vía.

Como mínimo, un asistente do árbitro/a rexistrará o tempo cun cronómetro manual.

- b) Cronometrado manual: realizarase por tres persoas, un árbitro/a e dous asistentes desde o sinal de saída ata o final da vía.

Na Rolda de Clasificación:

A- Cada deportista fará un intento por cada vía, excepto:

1- cando se requira unha nova carreira despois dunha saída en falso ou un incidente técnico, neste caso terá un intento adicional.

2- cando non se presente na zoa se chamada ao ser convocada, neste caso a carreira en cuestión farase sen a súa presenza.

B- cada deportista deberá permanecer na zoa de competición seguindo as indicacións do presidente do xurado ata que teña completado as dúas vías.

C- Un deportista que faga unha saída en falso na súa primeira carreira programada. En todos os casos de saída falsa o deportista que non fixo a saída en falso poderá volver a correr, facendo só; esta repetición terá lugar antes da próxima carreira programada.

Na Rolda Final:

A- Serán varias fases en carreiras de duelo. O gañador/a de cada fase pasará a seguinte.

B- En calquera carreira da rolda final o gañador/a seterminarase:

1- Cando un deportista cae ou non é capaz de terminar.



2- Cando comezan ambos deportistas:

- rexistrando os dous tempos válidos o que resiste o tempo válido máis baixo.
- cando unha deportista fai saída falsa a outra gaña.

8.13. Sistema de puntuación ou clasificación

Os participantes clasificaranse segundo o tempo conseguido no seu intento de vía. O tempo de realización da vía será considerado en: segundos, décimas e centésimas de segundo. Os tempos obtidos na Rolda Clasificatoria poden ser por:

- Tempo obtido na vía clasificatoria.
- O tempo obtido en dous intentos un en cada unha das vías clasificatorias.

Na Rolda de Clasificación, os 4, 8 ou 16 tempos menores en función da participación global, determinarán o paso á rolda final. A rolda final disputarase mediante o sistema de eliminación directa, como se describe no apartado 8.16.

8.14. Mantemento do muro

Os Árbitros/as e o Equipador/a Delegado/a deberán coidar que en cada rolda de competición se manteña de forma eficiente o muro de escalada.

Si durante a competición se rompese ou movese algunha presa, seguindo as instrucións do árbitro/a, o equipador/a realizará ou revisará calquera traballo de reparación e poñerá ao corrente ao Presidente/a do Xurado. Si o resultado da reparación supón unha vantaxe ou desvantaxe para os competidores/as seguintes, o Presidente/a do Xurado pode tomar a decisión de continuar esa rolda ou detela e comezar de novo. A decisión do Presidente/a do Xurado será inapelable.

Limpeza de presas: a frecuencia e método de limpeza das presas nos muros de escalada decidiraos o Director da proba (consultando co equipador/a e co equipo arbitral) antes de dar comezo cada rolda de competición.

8.15. Incidentes técnicos

O árbitro/a de competición pode decretar incidente técnico se:

- Existe unha tensión ou unha obstrución na corda que utiliza o competidor/a.
- Unha presa está rota ou solta.
- Existe unha cinta exprés ou mosquetón colocados incorrectamente.
- Calquera outro incidente que supoña unha desvantaxe ou vantaxe para un competidor/a, non sendo como resultado da acción do propio competidor/a.



O árbitro/a de competición decretará incidente técnico sempre que se produza calquera circunstancia que deixe en vantaxe ao competidor/a debido a axudas externas.

O árbitro/a de competición pode declarar incidente técnico a petición do competidor/a se:

- O competidor/a non se atopa en posición lexítima debido ao incidente técnico e reclama ao árbitro/a, quen dá a razón ao competidor/a. No caso dunha presa que se moveu, e se existen dúbidas respecto diso, o árbitro/a debe pedir ao equipador/a que suba a verificalo.
- O competidor/a permanece en posición lexítima a pesar do incidente técnico pero reclama ao árbitro/a que se lle conceda incidente técnico. A competidor/a debe especificar concretamente o ocorrido e esperar a que o árbitro/a lle dea a súa conformidade para abandonar o seu intento a vía.

Aos competidores/as que son prexudicados polo incidente técnico permíteselle un período de recuperación na zona de illamento, sen que poidan entrar en contacto con ningún outro competidor/a, persoa ou técnico. Os competidores/as terán que decidir inmediatamente cando queren volver comezar o seu próximo intento á vía, que poderá ser entre:

- O seguinte inmediato competidor/a
- Ou antes do quinto competidor/a seguinte

Se non houberse tantos competidores/as en competición permitiráselle un tempo mínimo de recuperación de 5 minutos antes de tentar a vía.

Se o incidente técnico sucede durante as roldas de eliminación finais, os dous competidores/as terán que repetir a vía.

Aos competidores/as prexudicados polo incidente técnico durante a rolda de clasificación rexistraránselle os mellores resultados das súas tentativas á vía.

8.16. Clasificación e cotas para cada rolda

Despois de cada rolda de competición, os competidores/as agruparanse na clasificación de acordo ao tempo conseguido tal e como se define no apartado 8.13.

Rolda de Clasificación:

- A cota fixada para o paso á final será de 4, 8 ou 16 homes e 4, 8 ou 16 mulleres cos menores tempos conseguidos. En caso de que un empate fíxese necesario que máis de 4, 8 ou 16 competidores/as estivesen na rolda final, disputaríanse as eliminatorias necesarias entre os competidores/as empatados/as nas últimas prazas para pechar a cota de acceso final en 4, 8 ou 16 competidores/as.
- Si existe un empate nas 4, 8 ou 16 prazas que dan acceso á final, que non implica un aumento de cota pero si a indeterminación da clasificación, se disputarán as eliminatorias necesarias entre

os competidores/as empatados/as para que as 4, 8 ou 16 prazas que dan acceso á final sexan ocupadas por un só competidor/a.

Rolda Final:

- Os 4, 8 ou 16 finalistas enfrontaranse por parellas competindo simultaneamente en vías idénticas. O sistema de rolda final é de eliminación directa, de forma que só un dos dous competidores/as pasará á seguinte rolda.
- A orde de eliminatorias da rolda final realizarase segundo as figuras 8.1 (4 finalistas), 8.2 (8 finalistas) ou 8.3 (16 finalistas).
- Si durante a disputa da rolda final existe nalgunha eliminatoria un empate, realizarase unha nova eliminatoria para romper o empate.
- Así mesmo, se unha vez acabada a final existe un empate na primeira posición da clasificación, realizarase unha nova eliminatoria para romper o empate.




Figura 8.1: Orde de saída na ronda final de 4 participantes






Figura 8.2: Orde de saída na ronda final de 8 participantes




Figura 8.3: Orde de saída na ronda final de 16 participantes



9. DOPAXE

Está rigorosamente prohibido o uso de substancias, grupos farmacolóxicos e métodos destinados a aumentar artificialmente as capacidades físicas dos e das deportistas, sendo de aplicación: a Lei Orgánica 11/2021 de 28 de diciembre de lucha contra el dopaje en el deporte e máis o presente Regulamento e outras disposicións da FGM.

En materia de dopaxe o Comité Anti-Dopaxe da FGM segue o establecido na Lei Orgánica 11/2021 do 28 de decembro, de protección da saúde do deportista e de loita contra a dopaxe na actividade deportiva. O devandito comité segue as directrices da Comisión Española para la Lucha Antidopaje en el Deporte (CELAD) e será o encargado de relacionarse coa a axencia ADAMS, para os efectos procedentes.

A competencia sancionadora en materia de dopaxe a partir da Lei Orgánica 11/2021, do 28 de decembro, de protección da saúde do deportista e de loita contra a dopaxe na actividade deportiva, corresponde ao CELAD e só cando se trate de deportistas cualificados oficialmente de nivel internacional ou que participen en competicións internacionais, a competencia corresponderá á Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada. Neste caso e diante dunha mostra con resultado adverso, o Comité Anti-Dopaxe da FGM informará da súa resolución ao Comité de Disciplina da FGM para que tome a decisión definitiva e estableza as sancións pertinentes.

10. REGULAMENTO DISCIPLINARIO E CONDUCTA DEPORTIVA

10.1. Introducción

O Director/a da Proba ten a máxima autoridade para todas as decisións que afecten á competición no plano organizativo.

O Presidente/a do Xurado é a máxima autoridade nas decisións arbitrais.

10.2. Os competidores/as

O Presidente/a do Xurado e os Árbitros/as de Vía estarán autorizados/as a tomar as seguintes accións, especificadas abaixo, respecto das infraccións do regulamento de competición e condutas indisciplinadas dalgún competidor/a dentro da área de competición:

- Informal, aviso verbal.
- Aviso oficial, acompañado dun “Cartón Amarelo”.
- Descualificación da competición, acompañada por un “Cartón Vermello”.
- O Presidente/a do Xurado será o único autorizado para tomar esta decisión.

Pódese mostrar un “Cartón Amarelo” por mor das seguintes infraccións:



- Atrasarse no retorno á zona de illamento seguindo as instrucións do Presidente/a do Xurado ou do Árbitro/a de Vía. Un maior retraso pode producir a descualificación.
- Utilizar os pés para chegar a cinta exprés á man
- Non comezar de acordo coas instrucións do Árbitro/a de Vía.
- Non obedecer as instrucións do Árbitro/a de Vía ou do Presidente do Xurado.
- Uso de linguaxe obscena ou abusiva, ou comportamento violento.
- Comportamento antideportivo.

As apelacións contra estas decisións deberán seguir o trámite especificado no apartado 9.

A mostra dun segundo cartón amarelo nunha tempada, supoñerá a descualificación do competidor/a para a seguinte proba oficial FGM.

Descualificación sen outras sancións: As seguintes infraccións do regulamento supoñerán un “Cartón Vermello” e a inmediata descualificación do competidor/a da competición sen que exista outra sanción:

- Chegar á zona de illamento despois da hora de peche establecida.
- Observar as rutas fóra da área permitida de observación.
- Saír da zona de illamento sen respectar a quenda de competición.
- Non ir correctamente equipado ao comezo da ruta.
- Usar material non aprobado.
- Modificar e/ou non levar a roupa oficial e/ou o dorsal proporcionado pola organización.
- Uso de sistemas de comunicación non autorizados na zona de illamento ou noutra área restrinxida.
- Non comezar a vía segundo o disposto nos apartados 4.11.-, 5.9.-, e 6.10- segundo as diferentes probas.
- Subir ao podio na entrega de premios cunha bandeira ou símbolo que non sexan os oficiais da Comunidade Autónoma ou Club que se representan.

As apelacións contra estas decisións deberán seguir o trámite especificado no apartado 10.

Descualificación con inmediata referencia ao Comité de Disciplina. As seguintes infraccións do regulamento supoñerán un “Cartón Vermello” e a inmediata descualificación do competidor/a da



competición con referencia ao Comité de Disciplina, seguindo a consecuente sanción de suspensión para a seguinte proba da Copa ou Campionato Galego, ou seguinte competición oficial FGM:

- a) Infraccións do regulamento cometidas na área de competición, zona de tránsito e illamento:
- Obter información da ruta que se vai realizar por medios non permitidos polo regulamento.
 - Transmitir información a outros competidores/as máis aló do permitido polo regulamento.
 - Distraer ou interferir a calquera competidor/a que se estea preparando ou en proceso de intento a unha ruta.
 - Non cumprir as instrucións dos árbitros/as e/ou oficiais da organización.
 - Non participar nas cerimonias oficiais ou outros eventos oficiais, sin autorización do Presidente/a do Xurado ou do Director/a da Proba.
 - Non ir baixo as regulacións que competen á indumentaria do competidor/a.
 - Comportamento antideportivo, serios disturbios e/ou uso de palabras abusivas, ofensivas, palabras violentas ou comportamento inapropiado cos organizadores/as, árbitros/as, managers, outros competidores/as e público en xeral.
- b) Infraccións cometidas fóra da área de competición pero dentro da zona de público:
- Comportamento antideportivo, serios disturbios e/ou uso de palabras abusivas, ofensivas, palabras violentas, ou comportamento inapropiado cos organizadores/as, árbitros/as, managers, outros competidores/as e público en xeral.

No tempo máis breve posible, despois de mostrar un “Cartón Amarelo” ou unha “Vermella”, a Presidenta ou Presidente do Xurado (baixo o seu criterio ou consultando co Árbitro/a de Vía responsable) fará:

- Remitir un escrito ao competidor/a (ou en ausencia deste, ao seu manager) indicando a infracción e a consecuente acción disciplinaria de acordo cos regulamentos.
- O Presidente/a do Xurado deberá remitir copia deste escrito, cun informe detallado da infracción, evidencias e recomendacións de posibles sancións ao Comité de Disciplina Deportiva FGM.

10.3. Equipo oficial

O equipo oficial (adestradores/as, managers, médicos/as, fisioterapeutas, masaxistas etc) será sancionado e tratado da mesma maneira que os competidores/as.



11. RECLAMACIÓN E SISTEMA DE APELACIÓN

11.1. Xeneralidades

Todas as reclamacións escritas poderán realizarse en calquera das linguas oficiais españolas. Só será aceptada unha reclamación se vén acompañada da correspondente taxa oficial.

11.2. Xurado de apelación

No caso de que existise unha reclamación escrita, ou oral no caso 11.4.- apdo. b), a Presidenta ou Presidente do Xurado formará un Xurado de Apelación composto por dous Árbitros/os de Vía non involucrados na decisión cuestionada. A reclamación resolverase tan rapidamente como o permitan as circunstancias. No caso de que o Xurado non chegue a unha decisión unánime, a reclamación ser considerada “indeterminada” e a decisión arbitral prevalecerá e non se facturará a taxa de apelación. Se a resolución é favorable procederase a cambiar a decisión arbitral e a devolverse a taxa de apelación. Se a resolución é desfavorable se mantirá a decisión arbitral e se facturará a taxa de apelación.

A decisión do Xurado de Apelación deberá rexistrarse por escrito e entregarse en man polo Presidente/a do Xurado á persoa que realizou a reclamación oficial. A decisión do Xurado de Apelación será definitiva e non se poderán realizar máis reclamacións respecto diso.

11.3. Reclamacións contra unha decisión oficial durante unha rolda de competición

No caso onde a Árbitra/o de Vía considere apropiado examinar o vídeo do intento á ruta por parte dun competidor/a antes de tomar unha decisión, o Árbitro/a de Vía permitirá ao competidor/a que complete o seu intento á ruta de acordo coas normas de competición. Unha vez finalizado o intento, o competidor/a será inmediatamente informado pola Árbitra/o de Vía de que o seu *ránking* nesa rolda dependerá da confirmación do exame do vídeo da competición, ao final da rolda.

O vídeo da competición só poderá ser o oficial, e non outros, e será usado polo Presidente/a do Xurado e os Árbitros de Vía para as reclamacións existentes.

O visionado do vídeo da competición estará restrinxido e só poderán facer uso del o Presidente do Xurado, os Árbitros/as de Vía, o Director/a da Proba, o Equipador/a Delegado e o Delegado/a da FGM.

11.4. Reclamacións contra unha decisión oficial despois dunha rolda de competición

Unha reclamación contra a clasificación oficial, despois de finalizar unha rolda de competición e despois de que fosen publicados os resultados oficiais (previo anuncio público de que se publican os resultados), débese realizar non máis tarde de 10 minutos despois da publicación dos resultados. A reclamación debe ser feita seguidamente á publicación dos resultados ao final de cada rolda da competición. A reclamación deberá ser feita por escrito ao Presidente do Xurado polo manager ou polo competidor/a, co formulario FGM (ver Anexos) xunto co pago da correspondente taxa.

Competicións de Velocidade:



- a) No caso dunha rolda baseada no tempo dos competidores/as (p.e. rolda de cualificación) a reclamación deberá ser feita como indica o punto 9.4.- apdo 1.
- b) No caso da rolda final (KO) a reclamación deberá ser feita inmediatamente despois de anunciado o resultado do enfrontamento. O Árbitro/a de Vía inmediatamente poñerá ao corrente do feito ao Presidente/a do Xurado. O seguinte enfrontamento non dará comezo ata que o Presidente/a do Xurado non anuncie a súa decisión.

11.5. Reclamacións ao Comité Disciplinario

Nos casos onde o Presidente/a do Xurado crea que unha infracción do regulamento debe ser considerada polo Comité de Disciplina, o feito se remitirá ao Comité conxuntamente cun informe por parte de Presidente/a do Xurado, copias das comunicacións feitas por escrito entre o Presidente/a do Xurado e o manager/competidor/a e evidencias relevantes.

As reclamacións contra calesquera decisións do Presidente/a do Xurado se presentarán mediante escrito dirixido ao responsable da área de Competición nun prazo máximo de 7 días desde o día seguinte da publicación dos resultados. O comité de competición da Área de Competición resolverá no prazo máximo de 30 días a partir da data de presentación da reclamación.

O comité de competición da área de escalada estará conformada polo vocal de escalada, o director técnico da FGM, o responsable de árbitros de escalada, un equipador designado polo vocal e o seleccionador de escalada.

Os recursos contra fallos do comité de competición da área de escalada interpoñeranse ante o Comité de Disciplina da FGM no prazo dos 30 días seguintes á recepción da decisión da Área de Competición.

11.6. Taxas de Reclamación

- As taxas de reclamación estarán de acordo coa lista de taxas publicada pola FGM anualmente.

Se unha reclamación é resolta favorablemente, esta será devolta. Con todo, se é negativa, a taxa de apelación non será retornada.

12. ANEXOS

12.1. Elaboración do Regulamento

- FGM 2025 seguindo no fundamental o Regulamento FEDME



12.2. Documentos de reclamacións

Resgardo de Pago

A FGM recibiu a cantidade de: **#60€#** euros (sesenta)

do señor/a

en concepto de:.....

depósito de reclamación número do día/...../.....

Esta cantidade será devolta se a reclamación prospera.

En....., a..... de de.....

A delegada/o da FGM

Fdo.



13.2. FOLLA DE RECLAMACIÓN

Esta folla deberá estar cuberta en todos os seus apartados e asinada polo/a reclamante e a Presidenta ou Presidente do Xurado. O recibo do depósito deberá ir asinado polo delegado/a da FGM, quen percibirá tal cantidade do reclamante. Deberá entregarse unha copia ou fotocopia da reclamación ao reclamante.

Competición	
Data e hora:	
Categoría e rolda:	
Reclamación feita por (Nome/Club ou Federación/Rol):	
Descrición das razóns da reclamación (incluír nome escalador e dorsal):	
Asinado:	

A reclamación foi:	Acceptada	Rexeitada
Explicación da decisión do Xurado:		
Firma dos membros do Xurado de Apelación		



Presidenta/e do Xurado

Delegada/o FGM